

**PLAN**

**de**

**AUTOPROTECCIÓN**

**do**

**C.E.P. CELSO EMILIO FERREIRO**

**(Vigo)**

ESTADO	FECHA	Feito por
Elaboración	Xuño 2012	ESeyPro S.L.
Revisión	Febreiro 2017	ESeyPro S.L.
Revisión	Xaneiro 2024	ESeyPro S.L.

**DECLARACIÓN PERSOA RESPONSABLE DA REDACCIÓN DESTE PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**

O presente Plan de Autoprotección que se elaborou no ano 2012 e foi modificado no ano 2017 volveuse a modificar no ano 2023. Este exemplar corresponde a modificación levada a cabo no ano 2017 e consta de 152 páxinas (incluída este e os planos), numeradas en orde correlativo do 1 ao 152, foi elaborado pola empresa ESTRATEGIAS DE SEGURIDAD Y PRODUCCIÓN S.L. (ESeyPro S.L.), CIF: B70275060, con domicilio social na Coruña, para o C.E.P. CELSO EMILIO FERREIRO, situado no Concello de Vigo (PONTEVEDRA). A persoa de ESeyPro S.L. que o elaborou foi Manuel Rodríguez Méndez, Doutor Enxeñeiro Industrial e Técnico Nivel Superior en Prevención de Riscos Laborais, coas especialidades de Hixiene Industrial, Ergonomía e Factores Psicosociais, e Seguridade.

Fdo.: Manuel Rodríguez Méndez

**Contido**

DECLARACIÓN PERSOA RESPONSABLE DA REDACCIÓN DESTE PLAN DE AUTOPROTECCIÓN .....	2
0. OBXECTIVO DESTE PLAN DE AUTOPROTECCIÓN .....	6
0.1 NORMATIVA DE REFERENCIA.....	6
0.2 EXCLUSIÓN .....	6
1. IDENTIFICACIÓN DOS TITULARES E DA LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE .....	7
1.1. DIRECCIÓN POSTAL DA LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE. DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE, NOME. TELÉFONO E FAX. ....	8
1.2. IDENTIFICACIÓN DOS TITULARES DA ACTIVIDADE. NOME E/OU RAZÓN SOCIAL, DIRECCIÓN POSTAL, TELÉFONO E FAX .....	9
1.3 NOME DA DIRECCIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN E DA DIRECCIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN EN EMERXENCIAS, EN CASO DE SER DISTINTOS. DIRECCIÓN POSTAL, TELÉFONO E FAX.....	9
2. DESCRICIÓN DETALLADA DA ACTIVIDADE E DO MEDIO FÍSICO NO QUE SE DESENVOLVE .....	10
2.1. DESCRICIÓN DE CADA UNHA DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS OBXECTO DO PLAN .....	11
2.2. DESCRICIÓN DO CENTRO OU ESTABLECEMENTO, DEPENDENCIAS E INSTALACIÓNS ONDE SE DESENVOLVEN AS ACTIVIDADES OBXECTO DO PLAN. ....	11
2.2.1 Materiais de construción .....	13
2.3. CLASIFICACIÓN E DESCRICIÓN DE USUARIOS. ....	13
2.4. DESCRICIÓN DO ÁMBITO URBANO, INDUSTRIAL OU NATURAL NO QUE FIGUREN OS EDIFICIOS, INSTALACIÓNS E ÁREAS ONDE SE DESENVOLVE A ACTIVIDADE. ....	13
2.5. DESCRICIÓN DOS ACCESOS. CONDICIÓNS DE ACCESIBILIDADE PARA A AXUDA EXTERNA. ....	14
2.5.1. Plano de situación.....	15
2.5.2. Planos descritivos de todas as plantas dos edificios, das instalacións e das áreas onde se realiza a actividade.....	15
3. INVENTARIO, ANÁLISE E AVALIACIÓN DE RISCOS .....	23
3.1. DESCRICIÓN E LOCALIZACIÓN DOS ELEMENTOS, INSTALACIÓNS, PROCESOS DE PRODUCCIÓN, ETC., QUE POIDAN DAR ORIXE A UNHA SITUACIÓN DE EMERXENCIA OU INCIDIR DE XEITO DESFAVORABLE NO DESENVOLVEMENTO DESTA. ....	24
3.2. IDENTIFICACIÓN, ANÁLISE E AVALIACIÓN DOS RISCOS PROPIOS DA ACTIVIDADE E DOS RISCOS EXTERNOS QUE PUIDESEN AFECTAR (RISCOS CONSIDERADOS NOS PLANS DE PROTECCIÓN CIVIL E ACTIVIDADES DE RISCO PRÓXIMAS). ....	25
3.2.1 Identificación dos riscos.....	25
3.2.2 Densidade de carga de lume da instalación.....	26
3.2.3 Metodoloxía de análises de riscos .....	32
3.2.4 Avaliación dos riscos .....	34
3.3. IDENTIFICACIÓN, CUANTIFICACIÓN E TIPOLOXÍA DAS PERSOAS TANTO AFECTAS Á ACTIVIDADE COMO AS ALLEAS A ESTA QUE TEÑAN ACCESO AOS EDIFICIOS, INSTALACIÓNS E ÁREAS ONDE SE DESENVOLVA A ACTIVIDADE .....	36
3.4. PLANOS DE SITUACIÓN POR EDIFICIO E PLANTAS DE TODOS OS ELEMENTOS E/OU INSTALACIÓNS DE RISCOS, TANTO OS PROPIOS COMA OS DO ÁMBITO. CON VALORACIÓN DO RISCO.....	36
4. INVENTARIO E DESCRICIÓN DAS MEDIDAS E MEDIOS DE AUTOPROTECCIÓN .....	44
4.1. INVENTARIO E DESCRICIÓN DAS MEDIDAS E MEDIOS, HUMANOS E MATERIAIS, DE QUE DISPÓN A ENTIDADE PARA CONTROLAR OS RISCOS DETECTADOS, ENFRONTAR AS SITUACIÓNS DE EMERXENCIA E FACILITAR A INTERVENCIÓN DOS SERVIZOS EXTERNOS DE EMERXENCIA.....	45

4.1.1	Medidas e medios humanos .....	45
4.1.2	Medios materiais.....	45
4.2.	AS MEDIDAS E OS MEDIOS, HUMANOS E MATERIAIS, DISPOÑIBLES EN APLICACIÓN DE DISPOSICIÓN ESPECÍFICAS EN MATERIA DE SEGURIDADE. ....	47
4.2.1	Cálculo da ocupación nas vías de evacuación .....	47
4.2.2	Punto de Encontro .....	50
4.3.	PLANOS DE SITUACIÓN DOS MEDIOS DE AUTOPROTECCIÓN .....	51
4.3.1	Elementos de Detección e Alerta.....	58
4.4.	PLANOS DE PERCORRIDOS DE EVACUACIÓN E ÁREAS DE CONFINAMENTO, REFLECTINDO O NÚMERO DE PERSOAS A EVACUAR OU CONFINAR POR ÁREAS SEGUNDO OS CRITERIOS FIXADOS NA NORMATIVA VIXENTE.....	58
4.4.1.	PLANO DO PUNTO DE ENCONTRO .....	67
4.5.	PLANOS DE COMPARTIMENTACIÓN DE ÁREAS OU SECTORES DE RISCO. ....	69
5.	PROGRAMA DE MANTEMENTO DE INSTALACIÓN.....	71
5.1	DESCRIPCIÓN DO MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓN DE RISCO QUE GARANTA O CONTROL DAS MESMAS .....	72
5.2	DESCRIPCIÓN DO MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓN DE PROTECCIÓN QUE GARANTA A OPERATIVIDADE DESTAS.....	72
5.3	REALIZACIÓN DAS INSPECCIÓN DE SEGURIDADE DE ACORDO COA NORMATIVA VIXENTE. ....	73
5.3.1	Inspección dos equipos de emerxencia.....	74
5.3.2	Inspección de elementos que inciden na seguridade .....	75
6.	PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS.....	76
6.1	IDENTIFICACIÓN E CLASIFICACIÓN DAS EMERXENCIAS .....	77
6.2	PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN ANTE AS EMERXENCIAS .....	78
6.2.1	SITUACIÓN DE RISCO NO EDIFICIO DE EDUCACIÓN PRINCIPAL. Actuación ante unha emerxencia .....	79
6.2.2	SITUACIÓN DE RISCO NO EDIFICIO AULARIO. Actuación ante unha emerxencia .....	83
6.2.3	SITUACIÓN DE RISCO NO PAVILLÓN DEPORTIVO. Actuación ante unha emerxencia.....	83
6.2.4	PROTOCOLO DE CONFINAMENTO E DE ACTUACIÓN NO CASO DE EXISTIR ALGUNHA PERSOA CON DISCAPACIDADE PARA PODER EVACUAR OS EDIFICIOS.....	84
6.2.5	PROTOCOLO EN CASO DE TER PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO CENTRO. ....	84
6.3.	IDENTIFICACIÓN E FUNCIÓN DAS PERSOAS E EQUIPOS QUE LEVARÁN A CABO OS PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN EN EMERXENCIAS .....	85
6.4	IDENTIFICACIÓN DO RESPONSABLE DA POSTA EN MARCHA DO PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS .....	89
6.5	PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN .....	90
7.	INTEGRACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN NOUTROS DE ÁMBITO SUPERIOR .....	113
7.1	OS PROTOCOLOS DE NOTIFICACIÓN DA EMERXENCIA .....	114
7.2	A COORDINACIÓN ENTRE A DIRECCIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN E A DIRECCIÓN DO PLAN DE PROTECCIÓN CIVIL ONDE SE INTEGRE O PLAN DE AUTOPROTECCIÓN. ....	126
7.3	AS FORMAS DE COLABORACIÓN DA ORGANIZACIÓN DE AUTOPROTECCIÓN COS PLANS E AS ACTUACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE PROTECCIÓN CIVIL.....	126
8.	IMPLANTACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN .....	127
8.1	IDENTIFICACIÓN DO RESPONSABLE DA IMPLANTACIÓN DO PLAN .....	128
8.2	PROGRAMA DE FORMACIÓN E CAPACITACIÓN PARA O PERSOAL CON PARTICIPACIÓN ACTIVA NO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN .....	128

**PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**

8.3	PROGRAMAS DE FORMACIÓN E INFORMACIÓN A TODO O PERSOAL SOBRE O PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.....	128
8.4	PROGRAMA DE INFORMACIÓN XERAL PARA OS USUARIOS.....	129
8.5	SINALIZACIÓN E NORMAS PARA OS VISITANTES .....	130
8.6	PROGRAMA DE DOTACIÓN E ADECUACIÓN DE MEDIOS MATERIAIS E RECURSOS. ....	130
9.	MANTEMENTO DA EFICACIA E ACTUALIZACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.....	133
9.1	PROGRAMA DE RECICLAXE DE FORMACIÓN E INFORMACIÓN.....	134
9.2	PROGRAMA DE SUBSTITUCIÓN DE MEDIOS E RECURSOS .....	134
9.3	PROGRAMA DE EXERCICIOS E SIMULACROS.....	134
9.3.1	Deseño dos simulacros .....	135
9.3.2	Análise do simulacro .....	136
9.3.3	Exercicios Prácticos .....	136
9.4	PROGRAMA DE REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DE TODA A DOCUMENTACIÓN QUE FORMA PARTE DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN. ....	137
9.5	PROGRAMAS DE AUDITORÍAS E INSPECCIÓN .....	137
ANEXO I.	DIRECCIÓN DE COMUNICACIÓN .....	138
1.	Teléfono do Persoal de emerxencias do Centro: .....	139
2.	Teléfono de axuda exterior .....	139
3.	Outras formas de comunicación .....	139
ANEXO II.	FORMULARIOS PARA A XESTIÓN DAS EMERXENCIAS.....	141
ANEXO III.	PLANOS .....	146
ANEXO IV.	FOLLAS DE SEGURIDADE .....	151



Asinado: Manuel Rodríguez Méndez

## 0. OBXECTIVO DESTE PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

O Presente Plan de Autoprotección do CEP CELSO EMILIO FERREIRO, no Concello de Vigo, foi elaborado co obxectivo de xerar unha organización e unhas pautas de actuación ante unha situación de emerxencia.

Defínese unha situación de emerxencia como calquera circunstancia ou circunstancias inesperadas e súbitas que teñen ou poidan ter como consecuencia a aparición de situacións de perigo tanto para toda as persoas presentes no centro (traballadores, persoal docente ou non docente), alumnos, visitas, ...) o un grupo importante de ditas persoas, coma para a poboación que está ou circula preto do centro, tamén as que poñen en perigo as instalacións e o medio.

### 0.1 NORMATIVA DE REFERENCIA

#### Lexislación

- Real Decreto 393/2007 do 23 de marzo polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección.
- Código Técnico da Edificación CTE - RD 314/2006, de 17 de marzo.
- Real Decreto 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios.
- Decreto 172/2022, do 6 de outubro, da Xunta de Galicia, polo que se aproba o Catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e polo que se fixa o contido desas medidas.
- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación.

#### Normas

- Norma UNE 23007-14 setembro de 1996. Sistema de Detección e Alarma de Incendios.
- Norma UNE 23032/1983. Seguridade contra incendios. Símbolos gráficos para a súa utilización en planos de emerxencias.
- Norma UNE 23033:1981. Seguridade contra incendios. Sinalización de Seguridade, Vías de Evacuación.
- Norma UNE 23034/1988. Seguridade contra incendios. Sinalización de Seguridade, Vías de Evacuación.
- Notas Técnicas de Prevención nº 334-1994 e 361-1994 editadas polo Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.

### 0.2 EXCLUSIÓN

Este Plan de Autoprotección non aplica ás actividades que non sexan as propias, educativas do Centro, e as non organizadas pola Dirección do Centro, aínda que sexa co permiso desta..

## **1. IDENTIFICACIÓN DOS TITULARES E DA LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE**

**1.1. DIRECCIÓN POSTAL DA LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE. DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE, NOME. TELÉFONO E FAX.**

O CEP CELSO EMILIO FERREIRO está situado no Concello de Vigo, na provincia de Pontevedra, no seguinte enderezo:


Rúa Porriño, s/n  
36209 VIGO (Pontevedra)

Coordenadas da entrada principal:

42° 12' 58,98" N  
8° 45' 13,12" O

Datos de contacto:

Teléfono: 986 298 058  
Fax: 986 244 249  
e-mail: cep.celso.emilio.ferreiro@edu.xunta.gal



**CEP CELSO EMILIO FERREIRO**





**1.2. IDENTIFICACIÓN DOS TITULARES DA ACTIVIDADE. NOME E/OU RAZÓN SOCIAL, DIRECCIÓN POSTAL, TELÉFONO E FAX**

O titular do centro é a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, da Xunta de Galicia.

Edificio Administrativo San Caetano, s/n

15781 – Santiago de Compostela

Teléfono: 981 544400 e 981 544376

Fax: 981 54 65 42

**1.3 NOME DA DIRECCIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN E DA DIRECCIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN EN EMERXENCIAS, EN CASO DE SER DISTINTOS. DIRECCIÓN POSTAL, TELÉFONO E FAX**

A persoa que ocupe o cargo da Dirección do CEP CELSO EMILIO FERREIRO é a persoa que tamén será Dirección do Plan de Autoprotección do Centro e, tamén, é a persoa que dirixe o Plan de Actuación en Emerxencias.

Datos de contacto:

Rúa Porriño, s/n

36209 VIGO (Pontevedra)

Teléfono: 986 298 058

Fax: 986 244 249

Dirección do Plan de Autoprotección:

É a Dirección do Centro.

Dirección do Plan de Actuación:

Tamén é a Dirección do Centro. En caso de non atoparse no Centro, esta persoa será substituída por as seguintes persoas que se atopen no Centro, e polo seguinte orde:

1. A persoa que sexa a Xefatura de Estudos.
2. O Secretario ou Secretaria do Centro.
3. O profesor ou profesora de mais antigüidade no Centro.
4. A persoa que ocupe o posto na Conserxería.

## **2. DESCRICIÓN DETALLADA DA ACTIVIDADE E DO MEDIO FÍSICO NO QUE SE DESENVOLVE**

## 2.1. DESCRICIÓN DE CADA UNHA DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS OBXECTO DO PLAN

As instalacións do CEP CELSO EMILIO FERREIRO destínanse na súa maior parte ao ensino de cursos de Primaria. Polo que dispón das dependencias necesarias para impartir dita formación: aulas, laboratorios, zonas de departamentos, ademais ten oficinas, e biblioteca. Un pavillón deportivo e un edificio anexo con aulas, comedor, cociña e aulas destinadas ás actividades extraescolares.

## 2.2. DESCRICIÓN DO CENTRO OU ESTABLECEMENTO, DEPENDENCIAS E INSTALACIÓNS ONDE SE DESENVOLVEN AS ACTIVIDADES OBXECTO DO PLAN.

O centro está dentro do casco urbano da cidade de Vigo, nunha finca duns 11.400 m<sup>2</sup> no lugar do Cristo da Victoria, en Coia, no Concello de Vigo, en Pontevedra.

O Centro ten 3 edificios, hai dos edificios de aulas, (1) e (2) e hai un pavillón deportivo (3). O Centro ten unha pista deportiva descuberta (4).



- **Edificio Principal (1).** Consta de planta baixa, primeiro e segundo andar. Nel hai aulas, biblioteca, as oficinas de administración do Centro, o salón de actos. Neste edificio están o alumnado de Ensinanza Primaria. Todo o edificio está asentado sobre unha superficie duns 1.030 m<sup>2</sup>. O primeiro e o segundo andar ocupan, cada un, uns 730 m<sup>2</sup>. As plantas comunícanse por dúas escaleiras e un ascensor.

Na Planta Baixa. Ten uns 1.030 m<sup>2</sup> de superficie. Pero nunha superficie de 850 m<sup>2</sup> atópase os seguintes elementos do Centro:

- Os despachos de Dirección, Xefatura de Estudos, Secretaría, Sala de profesores.
- A Conserxería

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

---

- A Biblioteca.
- Orientación.
- Aseos.
- Almacéns
- A sala da caldeira.
- Salón de Actos.

No Primeiro Andar. Ten uns 730 m<sup>2</sup> de superficie. Nela hai

- Aulas.
- Laboratorio.
- Biblioteca
- Aseos.

No Segundo Andar. Ten uns 730 m<sup>2</sup> de superficie. Nela hai

- Aulas.
- Aseos.

- **Edificio de Aulas (2), coñecido como Aulario** (en diante Aulario). Atópase a zona de actividades varias (ensino, actividades extraescolares). É un edificio rectangular, de planta baixa e primeiro andar, que se atopa sobre uns 330 m<sup>2</sup>. Cada planta ten 330 m<sup>2</sup>.

Na Planta Baixa. Ten uns 330 m<sup>2</sup> de superficie. Nela hai

- Comedor
- Aulas.
- Despacho do ANPA
- Aseos.
- A sala da caldeira, debaixo da zona de descanso da escaleira que sube o primeiro andar.

No Primeiro Andar. Ten uns 330 m<sup>2</sup> de superficie. Nela hai

- Aulas.
- Aseos.

- **O pavillón de Deportes (3).** Ten uns 1.330 m<sup>2</sup> de superficie. Nel temos:
  - Zona de deportes.
  - Vestiarios
  - Almacén de material.
- **No exterior** dos edificios atópanse os seguintes elementos importantes:
  - Unha zona de xogos para o alumnado. Está zona está cuberta.
  - Unha pista descuberta.
  - Un depósito de gasóleo de 7.500 litros. Preto da sala de caldeira do edificio de Ensino Primaria.
  - Un depósito de gasóleo de 5.000 litros. Baixo a zona de xogos cuberta que hai no Aulario.
  - Zona axardinada.

**2.2.1 Materiais de construción**

O edificio principal é do ano 1982.

ELEMENTO	MATERIAL E DESCRICIÓN
Estrutura	Formigón armado
Pisos	Forxado de formigón
Tabiquería exterior	Enfoscado con áridos.
Tabiquería interior	Formigón enfoscado.
Teitos	Falso teito.
Cuberta	Tellado de dúas augas.
Piso	Forxado de formigón e revestimento de terrazo.

**2.3. CLASIFICACIÓN E DESCRICIÓN DE USUARIOS.**

No Centro varios tipos de usuarios:

1. Alumnado matriculado. Varía cada ano entre 150 - 200 alumnos. No ano de revisión deste Plan de autoportección había 174.
2. Persoal Docente, entre 22 - 28 persoas. No momento da última revisión hai 23
3. Unhas 4 persoas como persoal non docente. Tamén hai 8 persoas para atender no comedor e limpeza, pola tarde.
4. De 8:30 a 8:50 h. para o alumnado do CEP CELSO EMILIO FERREIRO.
5. Tamén os pais dos alumnos que poidan vir en horario de mañá, mediante cita previa.

Normalmente no Centro hai persoas de luns a venres a partir das 8:30 h. Só os martes está aberto ata as 19:00 h.

**2.4. DESCRICIÓN DO ÁMBITO URBANO, INDUSTRIAL OU NATURAL NO QUE FIGUREN OS EDIFICIOS, INSTALACIÓNS E ÁREAS ONDE SE DESENVOLVE A ACTIVIDADE.**

O CEP CELSO EMILIO FERREIRO atópase na zona urbana de Vigo, na zona de Coia. Os límites do Centro son os seguintes:

- Polo norte do Centro está a Avenida de Castelao.
- Polo Sur hai dous centros educativos, o E.E.I. Cristo da Victoria e o I.E.S. Álvaro Cunqueiro, que o separan da residencia ASPANAEX.
- Polo Oeste hai a rúa O Porriño, onde o Centro ten a súa entrada principal.
- Polo leste hai un grupo de vivendas.

Destacar que o Centro, en liña reta, dende o edificio de Ensino de Primaria atópase a:

- Uns 210 m. da autovía que leva ao porto de Bouzas.
- A 1.200 m. da Planta de Citroën.

- A 850 m. da zona industrial do Caramuxo.
- E a uns 1.100 m. da zona industrial do Porto de Bouzas.

E necesario recalcar que a Avenida de Castelao que pasa diante do Centro e a rúa que comunica coa zona de praias do Concello de Vigo, polo que no verán e moi probable que haxa atoamentos nesa rúa.

## **2.5. DESCRICIÓN DOS ACCESOS. CONDICIÓN DE ACCESIBILIDADE PARA A AXUDA EXTERNA.**

O punto de acceso o Centro é único e está localizado na rúa O Porriño é a entrada principal, está situada no lado oeste do Centro. Hai unha entrada para persoas (75 cm. de ancho) e outra, de apertura e cerre automática, para vehículos (3 m. de ancho). A entrada ten unha porta corredeira de accionamento eléctrico. A porta atópase nas coordenadas:

42° 12' 58,98" N

8° 45' 13,12" O

Hai outra entrada de persoas, duns 1,80 m. de ancho, automática, que comunica o Centro coa avenida de Castelao. E sitúase nas coordenadas

42° 13' 1,46" N

8° 45' 9,28" O


(2)

(1)



Ubicación das entradas o Centro


### 2.5.1. Plano de situación



CEP CELSO EMILIO FERREIRO




### 2.5.2. Planos descriptivos de todas as plantas dos edificios, das instalacións e das áreas onde se realiza a actividade.





	CEP CELSO EMILIO FERREIRO	
	PLANO DE INSTALACIÓNS	
	PLANO DO CENTRO	Sen Escala







	<b>CEP CELSO EMILIO FERREIRO</b>		
	<b>PLANO DE INSTALACIÓNS</b>		
	<b>EDIFICIO PRINCIPAL</b>	<b>PLANTA BAIXA</b>	<b>Sen Escala</b>





	CEP CELSO EMILIO FERREIRO		
	PLANO DE INSTALACIONES		
	EDIFICIO PRINCIPAL	1º ANDAR	Sen Escala





	CEP CELSO EMILIO FERREIRO		
	PLANO DE INSTALACIÓNS		
	EDIFICIO PRINCIPAL	2º ANDAR	Sen Escala



	CEP CELSO EMILIO FERREIRO		
	PLANO DE INSTALACIÓNS		
	AULARIO	PLANTA BAIXA	Sen Escala



	CEP CELSO EMILIO FERREIRO		
	PLANO DE INSTALACIÓNS		
	AULARIO	1º ANDAR	Sen Escala



	CEP CELSO EMILIO FERREIRO	
	PLANO DE INSTALACIONES	
	PAVILLÓN DEPORTIVO	Sen Escala

### **3. INVENTARIO, ANÁLISE E AVALIACIÓN DE RISCOS**

### **3.1. DESCRICIÓN E LOCALIZACIÓN DOS ELEMENTOS, INSTALACIÓNS, PROCESOS DE PRODUCCIÓN, ETC., QUE POIDAN DAR ORIXE A UNHA SITUACIÓN DE EMERXENCIA OU INCIDIR DE XEITO DESFAVORABLE NO DESENVOLVEMENTO DESTA.**

Os elementos que poden orixinar unha situación de emerxencia pódense clasificar en dous grupos segundo se sitúe o seu orixe: Internos, xerados dentro do Centro, e Externos, que poden xerarse no exterior do Centro.

#### **ELEMENTOS INTERNOS**

Varios son os elementos internos que poden xerar unha situación de emerxencia, con independencia do tipo de emerxencia, manifestándose dentro do Centro son:

- Hai dúas caldeiras de gasóleo auga quente, unha en cada edificio:
  - No Edificio Principal atópase na esquina do edificio, preto do comedor.  
É unha caldeira ROCA CPA-160
  - No Aulario atópase na planta baixa, debaixo das escaleiras que levan o primeiro andar. Hai que indicar que esta é a única escaleira que teñen as persoas que están na 1ª planta para saír dela.
  - É unha caldeira pequena ROCA con un queimador LAIA, no almacén de limpeza.
  - No pavillón hai unha caldeira de auga quente
- Un depósito de gasóleo de 7.500 litros preto do edificio principal, xunto a sala da caldeira. O depósito está no patio.
- Un depósito de gasóleo de 5.000 litros no lado norte do edificio anexo. Este depósito está debaixo dunha zona de xogos para os rapaces/as de menor idade. O solo da zona de xogos está cuberta por material sintético para que os cativos non se fagan dano.
- Non hai que esquecer que nas operacións de enchido dos tanques que hai no Centro existe risco de incendio xa que non hai sistema de conectar a terra as partes metálicas do camión. Esta situación é crítica na zona de xogos preto do aulario.
- Cadros eléctricos xerais e o equipo do ascensor.
- As oficinas do Centro, no edificio principal, onde se atopa diferentes tipos de combustible: papel, madeira, equipos eléctricos (fotocopiadoras, impresoras, etc.).
- A Biblioteca onde se atopa papel e madeira.
- As aulas, onde se atopa diverso material combustible (madeira, papel, etc.)
- A zona de almacenamento de documentación.
- Derrube dos edificios.
- Tanto na cociña como no pavillón hai un quentador de auga.



**- ELEMENTOS EXTERNOS**

Os axentes externos que poden ocasionar unha situación de risco no Centro poden ser de varios tipos:

- Acceso de persoas alleas ao Centro, con intención de xerar problemas no Centro impedindo a continuidade da actividade. Tamén non hai que descartar que problemas de carácter relixioso poida xerar un conflito no Centro, xa que Vigo é a cidade de maior poboación de Galicia, e onde hai xentes de diversos credos relixiosos. Tampouco hai que descartar a existencia, preto do Centro, de entidades bancarias que en caso de sufrir atracos, os atracadores poden buscar refuxio no Centro utilizando as persoas que están dentro como reféns.
- Terremoto. Non hai que esquecer que o Servicio de Sismoloxía do Instituto Xeográfico Nacional clasifica a Galicia como zona de nivel III, xa que nela veñen detectando movementos sísmicos de nivel comprendido entre 3 e 4 na escala Richter. Nos últimos 50 anos detectáronse 11 terremotos.
- A avenida Castelao que pasa preto de Centro e polo que poden circular camións cisterna con mercadorías perigosas. Tamén hai que considerar a autovía que pasa a uns 210 m. do Centro en dirección a Bouzas.
- A zona industrial que hai preto do Centro:
  - A 1.200 m. da Planta de Citroën.
  - A 850 m. da zona industrial do Caramuxo.
  - E a uns 1.100 m. da zona industrial do Porto de Bouzas.
  - Dúas estacións de servizo: unha a 700 m. (na rúa Baiona) e outra a uns 600 m. (rúa Tomas Paredes)

**3.2. IDENTIFICACIÓN, ANÁLISE E AVALIACIÓN DOS RISCOS PROPIOS DA ACTIVIDADE E DOS RISCOS EXTERNOS QUE PUDESEN AFECTAR (RISCOS CONSIDERADOS NOS PLANS DE PROTECCIÓN CIVIL E ACTIVIDADES DE RISCO PRÓXIMAS).**

Os riscos máis importantes que poden dar lugar a unha emerxencia son os indicados a continuación. Divídense en riscos orixinados dentro do Centro e riscos que proceden do exterior.

**3.2.1 Identificación dos riscos**

Neste epígrafe móstranse dúas táboas cos riscos, en función de onde se localice o seu orixe: dentro ou fora do Centro.

**RISCOS ORIXINADOS NO PROPIO CENTRO**

RISCO		SITUACIÓN	IDENTIFICACIÓN
Nº	Tipo		
001	Explosión	Edificio Principal. Planta baixa	Caldeira de auga quente
002	Incendio	Edificio Principal. Planta baixa	Caldeira de auga quente
003	Explosión	Exterior do edificio principal	Tanque de gasóleo
004	Incendio	Exterior do edificio principal	Tanque de gasóleo
005	Explosión	Aulario. Planta baixa	Caldeira de auga quente
006	Incendio	Aulario. Planta baixa	Caldeira de auga quente
007	Explosión	Exterior do aulario	Tanque de gasóleo
008	Incendio	Exterior do aulario	Tanque de gasóleo
009	Incendio	Edificios	Cadros eléctricos e do ascensor
010	Incendio	Edificio. Oficinas e area despachos	Material combustible: madeira, papel
011	Incendio	Aulas en todo o edificio	Material combustible diverso (madeira, téxtil, papel)
012	Incendio	Biblioteca	Material combustible: papel, madeira
013	Incendio	Camión cisterna. Gasóleo. Edificio Principal	Tanque de gasóleo
014	Incendio	Camión cisterna. Gasóleo. Aulario	Tanque de gasóleo
015	Derrubamento	Todo ou parte do edificio	O Centro

**RISCOS CON ORIXE NO EXTERIOR**

RISCO		SITUACIÓN	IDENTIFICACIÓN
Nº	Tipo		
016	Vandalismo	Actos xerados por persoas.	
017	Terremoto	Destrución do edificio.	Zona sísmica nivel III.
018	Exposición a Produtos químicos	Procedente de fugas nos accidentes de tráfico do transporte por estrada.	Contacto con produtos químicos
019	Exposición a Produtos químicos	Zona industrial preto do Centro e estacións de servizo	Fume ou produtos químicos

**3.2.2 Densidade de carga de lume da instalación**

Un dos riscos máis importantes que se atopan dentro do Centro é o derivado da presenza de materiais combustibles que poden ser causa de un incendio. Neste epígrafe faise unha estimación de densidade de lume que hai no Centro.

A estimación da carga de lume en algúns puntos do Centro é complexa xa que non existe unha única tipoloxía de material combustible en cada punto do Centro, o contrario, sempre atópase unha mestura de materiais combustibles. Non obstante en algúns puntos atópanse localizados elementos combustibles tales como o gasóleo e o gas propano, principalmente, aínda que pódese atopar algúns

produtos químicos nalgunha aula. Tamén se debe ter en conta que en todos os casos, a situación dos elementos pode variar co tempo. Por iso, para estimar a carga de lume débense facer as seguintes consideracións:

- Considerarase que o Centro funciona con capacidade máxima por aula indicada pola Consellería de Educación, 25 alumnos e alumnas por aula, mais o profesor ou profesora. Atopándose en cada aula unha mesa e unha cadeira para cada alumno, e tamén un ordenador alí onde fose requirido, ademais da mesa e cadeira para os profesores.
- Os contidos en elementos combustibles son variable o largo do curso. Considéranse uns valores máximos en canto a contido de papel, madeira e material combustible, para obter estimacións máximas. Debido a isto (que se atopan valores máximos de papel e madeira), non se inclúe a carga de lume que poida aportar o material eléctrico ou equipos informáticos. Tampouco consideramos os almacéns de produtos químicos xa que, normalmente, atópanse en cantidades pequenas.
- Tomarase como base os datos indicados no Real Decreto 2267/2004, do 3 de decembro, no seu defecto utilizarase os datos da NTP-37, editada polo Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene, para facer as estimacións de carga de lume.
- Consideramos que a madeira ten unha densidade de 0,6 Kg/litro.
- O gramaxe do papel é de 80 grs/m<sup>2</sup>, e a súa densidade é 0,80 Kg/l.

A densidade de carga de lume calcúlase coa fórmula indicada no Real Decreto 2267/2004 para as actividades de almacenaxe:

$$Q_s = \frac{\sum_1^i q_{vi} C_i h_i s_i}{A} R_a \text{ (MJ / m}^2\text{) o (Mcal / m}^2\text{)}$$

Onde:

- $Q_s$  = densidade de lume, ponderada e corrixida, do sector o área de lume, en MJ/m<sup>2</sup>.
- $G_i$  = masa, en kg, de cada un dos combustibles (i) que existen no sector o área de lume (incluídos os materiais construtivos combustibles).
- $q_i$  = poder calorífico, en MJ/kg de cada un dos combustibles (i) que existen no sector de lume.
- $C_i$  = coeficiente adimensional que pondera o grado de perigosidade (por a combustibilidade) de cada un dos combustibles (i) que existen no sector de lume.
- $R_a$  = coeficiente adimensional que corrixo o grao de perigosidade (pola activación) inherente a actividade industrial que se desenvolve no sector de lume, produción, montaxe, transformación, reparación, almacenamento, etc.

**PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**

- $q_{vi}$  = densidade de lume, aportada por cada  $m^3$  de cada zona con diferente tipo de almacenamento (i) existente no sector de lume, en  $MJ/m^3$ .
- $h_i$  = altura del almacenamento de cada un dos combustibles, (i), en m.
- $s_i$  = superficie ocupada en planta por cada zona con diferente tipo de almacenamento (i) existente no sector de lume, en  $m^2$ .

Para as actividades de produción, transformación, reparación o calquera outra distinta do almacenamento úsase a fórmula:

$$Q_s = \frac{\sum_1^i q_{si} S_i C_i}{A} R_a \quad (MJ / m^2) \text{ o } (Mcal / m^2)$$

Onde:

- $Q_s$ ,  $C_i$ ,  $R_a$  e  $A$  teñen a mesma significación que no dito para o almacenaxe.
- $q_{si}$  = densidade de carga de lume de cada zona con proceso diferente segundo os distintos procesos que se realizan no sector de lume (i), en  $MJ/m^2$ .
- $S_i$  = superficie de cada zona con proceso diferente e densidade de carga de lume,  $q_{si}$  diferente, en  $m^2$ .

No Real Decreto 2267/2004 atópanse os valores de  $R_a$ ,  $C_i$ , os poderes caloríficos dos combustibles, e a densidade de lume aportado por cada material

**EDIFICIO PRINCIPAL**

O edificio ten unha superficie construída de uns  $2.490 m^2$ , asentándose sobre  $1.030 m^2$ , no que o interior da planta baixa ocupa uns  $850 m^2$ , e o primeiro e segundo andar ocupan  $730 m^2$  cada planta. Neste edificio atópanse varios puntos de risco de xerar un lume debido a acumulación de combustibles:

**Na planta baixa:**

- A zona de oficina cos despachos da Dirección, sala de profesores, almacén de materiais, oficina administrativa e Orientación, onde, en xeral, atopamos o seguinte material combustible: papel, madeira das mesas. Ocupando uns  $136 m^2$ . A efectos de avaliar a súa densidade de carga imos considerala como unha oficina comercial dentro do Anexo I do Real Decreto 2267/2004.
- Un salón de actos,  $120 m^2$  en total. Consideramos nel, como material combustible o mobiliario de madeira e o estrado de madeira,  $20 m^2$ . Consideramos que hai uns  $2,5 m^3$  de madeira e  $0,5 m^3$  de material téxtil.

## PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

- Hai unha aula de PT duns 66 m<sup>2</sup> onde imos considerar que hai 1,5 m<sup>3</sup> de madeira e 0,25 m<sup>3</sup> de material téxtil, e 0,3 m<sup>3</sup> de papel, como material combustible mais relevante.
- A biblioteca, duns 92 m<sup>2</sup>. A efectos de avaliar a súa densidade de carga imos considerala como unha oficina comercial dentro do Anexo I do Real Decreto 2267/2004.
- Orientación,

Elemento	S (m <sup>2</sup> )	G (m <sup>3</sup> )	R <sub>a</sub>	C <sub>i</sub>	q <sub>i</sub> /q <sub>vi</sub> /q <sub>si</sub>	Densidade de lume (MJ/m <sup>2</sup> )	
						parcial	total
Área de Oficinas e Titorías	136		1,5	1,0	800	158,47	376,6
Salón de Actos. Madeira	120	2,5	2,0	1,0	4.200	21,12	
Salón de Actos. Material téxtil		0,5	1,5	1,0	1.000		
Aula PT. Madeira	66	1,5	2,0	1,0	4.200	18,42	
Aula PT. Papel		0,3	2,0	1,0	10.000		
Aula PT. Téxtil		0,25	1,5	1,0	1.000		
Biblioteca	92		1,0	1,0	2.000	178,64	

**Na planta primeira:**

Nesta planta, duns 730 m<sup>2</sup>, hai, principalmente, aulas.

- Hai 8 aulas, que de media teñen 62 m<sup>2</sup> cada unha delas, e onde consideramos, en cada unha delas, 0,65 m<sup>3</sup> de madeira, 0,35 m<sup>3</sup> de papeis, 0,20 m<sup>3</sup> de material plástico e 0,25 m<sup>3</sup> de material téxtil.
- Hai dúas aulas pequenas, duns 12 m<sup>2</sup> cada unha delas. Para estimar a densidade de lume considerámolas como as oficinas, a efectos do Real Decreto 2267/2004.
- Un laboratorio de Ciencias duns 100 m<sup>2</sup>. Para estimar a densidade de lume no seu interior considerámolo intermedio entre os laboratorios de física e o de química, do anexo I do Real Decreto 2267/2004.

Elemento	S (m <sup>2</sup> )	G (m <sup>3</sup> )	R <sub>a</sub>	C <sub>i</sub>	q <sub>i</sub> /q <sub>vi</sub> /q <sub>si</sub>	Densidade de lume (MJ/m <sup>2</sup> )	
						parcial	total
Aulas. Papel	496	2,8	2,0	1,0	10.000	136,55	291,1
Aulas. Madeira		5,2	2,0	1,0	4.200		
Aulas. M. Sintético		1,6	1,5	1,0	800		
Aulas. Téxtil		2,0	1,5	1,0	1.000		
Aulas pequenas	24		1,5	1,0	800	39,45	
Laboratorio Ciencias	100		1,5	1,6	350	115,07	

**Na planta segunda:**

Esta planta ten, tamén, 730 m<sup>2</sup> de superficie. Nela atópanse os seguintes elementos:

## PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

- 7 aulas duns 62 m<sup>2</sup> cada unha delas. Unha das aulas é a de Informática. En cada aula consideramos 0,65 m<sup>3</sup> de madeira, 0,35 m<sup>3</sup> de papeis, 0,20 m<sup>3</sup> de material plástico e 0,25 m<sup>3</sup> de material téxtil; e na de informática engadimos os equipos electrónicos.
- Hai unha aula de 62 m<sup>2</sup> que se dividiu en dúas aulas pequenas. Para a estimación da densidade de lume consideramos como se fora unha única aula. Con 0,65 m<sup>3</sup> de madeira, 0,35 m<sup>3</sup> de papeis, 0,20 m<sup>3</sup> de material plástico e 0,25 m<sup>3</sup> de material téxtil.
- Hai dúas aulas pequenas, duns 12 m<sup>2</sup> cada unha delas. Para estimar a densidade de lume considerámolas como as oficinas, a efectos do Real Decreto 2267/2004.
- Unha aula de plástica, duns 100 m<sup>2</sup>, onde consideramos hai 0,65 m<sup>3</sup> de madeira, 0,35 m<sup>3</sup> de papeis, 0,20 m<sup>3</sup> de material plástico e 0,25 m<sup>3</sup> de material téxtil.

Elemento	S (m <sup>2</sup> )	G (m <sup>3</sup> )	R <sub>a</sub>	C <sub>i</sub>	q <sub>i</sub> /q <sub>vi</sub> /q <sub>si</sub>	Densidade de lume (MJ/m <sup>2</sup> )	
						parcial	total
Aula Informática. Madeira	62	0,65	2,0	1,0	4.200	18,46	201,2
Aula Informática. Papel		0,35	2,0	1,0	10.000		
Aula Informática. Téxtil		0,25	1,5	1,0	1.000		
Aula Informática. M. sintético		0,20	1,5	1,0	800		
Aulas Informática. Equipo. informático			1,0	1,0	400		
Aulas pequenas	24		1,5	1,0	800	39,45	
Aulas. Papel	534	2,80	2,0	1,0	10.000	143,29	
Aulas. Madeira		5,20	2,0	1,0	4.200		
Aulas. M. Sintético		1,60	1,5	1,0	800		
Aulas. Téxtil		2,00	1,5	1,0	1.000		

**AULARIO**

O Aulario é un edificio asentado sobre unha superficie de 330 m<sup>2</sup> que só ten planta baixa e primeiro andar. Cada planta ocupa uns 330 m<sup>2</sup>. É un edificio só de aulas.

**Na planta baixa**

Nesta planta só hai 4 salas. Nelas consideramos a madeira como material combustible máis importante. En cada aula consideramos 0,65 m<sup>3</sup> de madeira.

Elemento	S (m <sup>2</sup> )	G (m <sup>3</sup> )	R <sub>a</sub>	C <sub>i</sub>	q <sub>i</sub> /q <sub>vi</sub> /q <sub>si</sub>	Densidade de lume (MJ/m <sup>2</sup> )	
						parcial	total
Aulas. Madeira		2,60	2,0	1,0	4.200	66,18	66,18

**Na primeira planta**

Esta planta só hai 3 aulas, cada unha delas ten unha superficie media de 54 m<sup>2</sup>. En cada aula consideramos 0,65 m<sup>3</sup> de madeira, 0,35 m<sup>3</sup> de papeis, 0,20 m<sup>3</sup> de material plástico. Na cociña só imos a considerar o mobiliario, de madeira, e 0,5 m<sup>3</sup> de madeira.

**PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**

Tamén se atopa unha sala de titoría, duns 12 m<sup>2</sup>. A esta sala dámoslle o mesmo tratamento que a zona de oficinas do edificio principal.

Elemento	S (m <sup>2</sup> )	G (m <sup>3</sup> )	R <sub>a</sub>	C <sub>i</sub>	q <sub>i</sub> /q <sub>vi</sub> /q <sub>si</sub>	Densidade de lume (MJ/m <sup>2</sup> )	
						parcial	total
Aulas. Papel	228	1,05	2,0	1,0	10.000	128,18	128,18
Aulas. Madeira		1,95	2,0	1,0	4.200		
Aulas. M. Sintético		0,60	1,5	1,0	800		
Cociña. Madeira		0,5	2,0	1,0	4.200		

**EDIFICIO DO PAVILLÓN DE DEPORTES**

O Pavillón ten unha superficie de 1.330 m<sup>2</sup> e está fora do edificio de aulas. En todo este edificio (almacéns vestiario, pista, etc.) consideramos que hai 3 m<sup>3</sup> de madeira, 1,5 m<sup>3</sup> de material sintético e 0,45 m<sup>3</sup> de material téxtil.

Elemento	S	G	R <sub>a</sub>	C <sub>i</sub>	q <sub>i</sub> /q <sub>vi</sub> /q <sub>si</sub>	Densidade de lume (MJ/m <sup>2</sup> )	
						parcial	total
Pavillón. Madeira	1.330	3	2,0	1,0	4.200	18,95	20,81
Pavillón. Sintético		1,5	1,5	1,0	800	1,35	
Pavillón. Téxtil		0,45	1,5	1,0	1.000	0,51	

**EXTERIOR**

No exterior dos edificios atópanse outros dous elementos relevantes:

- Uns tanque de 5.000 litros de gasóleo.
- Outro tanque de gasóleo, duns 7.500 litros, no lado norte do edificio anexo.

Para estimar a carga de lume, parcial, destes elementos ímolo referir a superficie construída dos edificios que teñen mais preto. A carga de lume total é referida a toda superficie construída dos dous edificios, 3.150 m<sup>2</sup>. Densidade do gasóleo é 085 Kg/litro

Elemento	G (litros)	R <sub>a</sub>	C <sub>i</sub>	q <sub>i</sub> /q <sub>vi</sub> /q <sub>si</sub>	Densidade de lume (MJ/m <sup>2</sup> )	
					Parcial	Total
Tanque de gasóleo grande	5.000			42	58,02	143,02
Tanque de gasóleo	7.500			42	85,00	

**CARGA DE LUME TOTAL**

Das táboas anteriores obtemos toda a información para estimar a carga de lume total do Centro, referida a superficie construída dos edificios de aulas (edificio principal e aulario), 3.150 m<sup>2</sup>.

Non se considera o Pavillón Deportivo debido a que a súa carga de lume e moito mais baixa que a dos outros edificios. A carga de lume total do Centro é a que se indica na seguinte táboa:

Zona	Densidade de lume	Superficie		Densidade de lume	
	MJ/m <sup>2</sup>	Zona	Construída	Total por edificio	Total Referida (edificio + aulario)
		m <sup>2</sup>	m <sup>2</sup>	MJ/m <sup>2</sup>	MJ/m <sup>2</sup>
Edificio Principal. Planta baixa	376,6	1.030	2.490	300,1	409,1
Edificio Principal. 1º andar	291,1	730			
Edificio Principal. 2º andar	201,2	730			
Aulario. Planta baixa	66,2	330	660	97,2	
Aulario. 1º andar	128,2	330			
Pavillón deportivo	20,8	1.330		20,2	
Exterior	143,0	3.150		143,0	

Conforme ao indicado e sobre a base do Real decreto 2267/2004, do 3 de decembro, O Centro CEP CELSO EMILIO FERREIRO ten un nivel intrínseco de lume BAIXO.

### 3.2.3 Metodoloxía de análises de riscos

Aínda que existen diversas metodoloxías para desenvolver as análises de riscos. A selección da metodoloxía máis apropiada en cada caso depende da dispoñibilidade de información e do nivel de detalle que se desexe alcanzar. Os pasos a seguir son:

1. Identificar os elementos de risco. Ver epígrafe 3.1 e 3.2.1
2. Unha vez identificados as ameazas ou posibles aspectos iniciadores de eventos, débese realizar o estimativo da súa probabilidade de ocorrencia, en función das características específicas; ademais, débese realizar o estimativo da severidade das consecuencias sobre os denominados factores de vulnerabilidade que poderían resultar afectados (persoas, medio, sistemas, procesos, servizos, bens ou recursos, e imaxe empresarial).

A metodoloxía utilizada para a análise de riscos é a denominada **Metodoloxía de matriz de riscos**. Esta metodoloxía baséase en valorar as consecuencias de que se produza un sinistro fronte á probabilidade de que aconteza. A gravidade calcúlase en función do que poida supoñer para a vida das persoas, o medioambiente, para a propiedade e a facilidade de propagarse o sinistro. Chegando a establecerse a **Táboa de Identificación e Valoración das Ameazas**:



**Táboa de Identificación e Valoración das Ameazas**

Gravidade				Control do Risco		
Vi	M	P	Ve	Pb	Pr	Ponderación de danos
Gravidade para a vida	Gravidade para o medioambiente	Gravidade para a propiedade	Velocidade de propagación	Probabilidade de que o risco aconteza	Prioridade	

Onde cada parámetro das columnas indicadas se estiman para cada sinistro en función das táboas seguintes:

**Vi:** Gravidade para a vida. Pode tomar os valores 1 a 5, segundo a táboa seguinte:

	Clase	Vi Gravidade para a vida
1	Pouco importantes	Padecementos lixeiros durante un día ou menos.
2	Limitadas	Lesións menores, malestar que perdura por unha semana ou menos.
3	Graves	Algunhas feridas graves, serias complicacións.
4	Moi Graves	Morte de polo menos unha persoa, e/ou varios feridos (20) de gravidade e/ou ata 50 evacuados.
5	Catastróficas	Varias mortes, centos de feridos graves e/ou máis de 50 evacuados.

**M:** Gravidade para o medioambiente. Pode tomar os valores 1 a 5, segundo a táboa seguinte:

	Clase	M Gravidade para o medio ambiente
1	Pouco importantes	Non hai contaminación.
2	Limitadas	Hai baixa contaminación e os seus efectos están contidos.
3	Graves	Hai baixa ou media contaminación e os seus efectos están moi difundidos.
4	Moi Graves	Hai alta contaminación e os seus efectos están contidos.
5	Catastróficas	Hai moi alta contaminación e os seus efectos están moi difundidos.

**P:** Gravidade para a propiedade. Pode tomar os valores de 1 a 5, segundo a táboa seguinte:

	Clase	P Gravidade para a propiedade: Costo do dano (Salario mínimo mensual legal vixente)		
		Organización pequena	Organización mediana	Organización Grande
1	Pouco importantes	< 2	< 4	< 8
2	Limitadas	2 - 5	4 - 10	8 - 20
3	Graves	5 - 10	10 - 20	20 - 40
4	Moi Graves	10 - 20	20 - 40	40 - 80
5	Catastróficas	> 20	> 40	> 80

**Ve:** Velocidade de propagación. Pode tomar os valores de 1 a 4 segundo a táboa seguinte:

	Clase	Ver Velocidade de propagación
1	Advertencia precisa e anticipada	Efectos contidos / ningún dano.
2	Media	Algunha propagación / poucos danos.
3	Alta	Danos considerables / efectos contidos.
4	Sen advertencia	Descoñecidos ata que os efectos se desenvolveron completamente. Efectos inmediatos como explosión

**Pb:** Probabilidade de que o risco aconteza. Pode tomar os valores de 1 a 5 segundo a táboa seguinte:

	Clase	Pb Probabilidade de que o risco suceda
1	Improbable	Menos de unha vez cada 1000 anos.
2	Pouco probable	Unha vez nun período de 100 a 1000 anos.
3	Probable	Unha vez nun período de 10 a 100 anos.
4	Bastante probable	Unha vez nun período de 1 a 10 anos.
5	Moi probable	Más de unha vez por ano

**Pr:** Prioridade. Calcúlase aplicando as porcentaxes a Gravidade, tal como se observa na táboa seguinte.

Gravidade				Control do Risco	
Vi	M	P	Ve	Pb	Pr
30 %	30%	20%	20%	---	$Pr = ( Vi \times 30\% + M \times 30\% + P \times 20\% + Ve \times 20\%) / 4$

Logo realízase a ponderación dos danos e contrástase coa matriz de riscos que se establece en función da prioridade e a probabilidade. Contrastando os datos obtidos na última columna coa táboa seguinte pódese establecer o nivel de risco do Centro:

Porcentaxe obtido pola organización	Resultado
> 65	A actividade da organización considérase de alto risco.
30 - 65	A actividade da organización considérase de risco medio
< 30	A actividade da organización considérase de risco baixo.

### 3.2.4 Avaliación dos riscos

Para a estimación dos parámetros de probabilidade considéranse en función dos datos a nivel nacional. Como feitos relevantes considérase:

- Considerouse o risco de existencia de sismos, pois Vigo se encontra nunha zona sísmica de Nivel III. Se ben se poden estar a detectar movementos na escala Richter baixos a situación do

Centro dunha zona de sismos empurra a unha valoración á alza deste risco. Tamén se considerou que o edificio é novo, e aínda que cabe a posibilidade de que se deseñase para resistir sismos importantes, nesta avaliación se valorou de forma negativa ao considerar a súa non consideración.

- Se ben o Centro atópase en zona urbana con diversos polígonos industriais preto. Tendo en conta que Vigo é unha cidade industrial onde se atopan persoas de diferentes credos relixiosos non se pode descartar situacións de violencia no Centro por motivos relixiosos como xa ocorreu en centros educativos do Estado Español.
- Aínda que hai pouca constancia de accidentes con caldeiras e tanques de almacenamento de combustible en centros escolares, hai que valorar que estes elementos están sometidos a unha estrita lexislación co obxecto de evitar accidentes. Por iso, optouse por considerar os accidentes, en xeral, relacionados con estes equipos a nivel xeral.
- Hai que ter en conta que no edificio principal as zonas administrativas están na planta baixa, polo que calquera lume vai facer que o fume suba os pisos superiores.
- O tanque de gasóleo do aulario está debaixo dunha zona de xogos.
- No tema de transporte de produtos químicos temos en conta que na zona de praias hai piscinas que necesitan cloro, polo que hai que ter en conta que por esas rúas hai produtos moi perigosos.
- A caldeira de auga quente do aulario atópase debaixo das únicas escaleiras de acceso o primeiro andar.

LOCALIZACIÓN	RISCO (Epígrafe 3.2.1)	GRAVIDADE					CONTROL DO RISCO			
	Nº	Vi	M	P	Ve	Pb	Pr	Ponderación de danos	NIVEL RISCO	
									Parcial	Total
INTERIOR	001	4	2	4	1	4	0,70	2,80	40,32	55,63
	002	2	2	2	1	4	0,45	1,80		
	003	3	3	4	3	4	0,80	3,20		
	004	2	2	2	1	4	0,45	1,80		
	005	4	2	4	1	4	0,70	2,80		
	006	2	2	2	1	4	0,45	1,80		
	007	3	3	4	3	4	0,80	3,20		
	008	2	2	2	1	4	0,45	1,80		
	009	1	1	3	2	5	0,40	2,00		
	010	3	3	4	3	5	0,80	4,00		
	011	3	3	3	3	5	0,75	3,75		
	012	3	3	4	3	5	0,80	4,00		
	013	1	3	5	2	4	0,65	2,60		
	014	4	3	5	2	4	0,50	2,00		
	015	5	2	5	3	3	0,93	2,77		
EXTERIOR	016	4	1	2	3	5	0,63	3,13	15,31	
	017	5	2	5	3	3	0,93	2,78		
	018	5	4	3	3	5	0,98	4,90		
	019	4	4	3	3	5	0,90	4,50		

O Nivel de Risco do Centro é **MEDIO**.

### 3.3. IDENTIFICACIÓN, CUANTIFICACIÓN E TIPOLOXÍA DAS PERSOAS TANTO AFECTAS Á ACTIVIDADE COMO AS ALLEAS A ESTA QUE TEÑAN ACCESO AOS EDIFICIOS, INSTALACIÓNS E ÁREAS ONDE SE DESENVOLVA A ACTIVIDADE



Polo xeral a maioría de estancias do edificio permanecen pechadas con chave cando non son utilizadas. A tipoloxía de persoas que poden encontrarse no Centro pódese agrupar en 5 grupos diferentes:

- Alumnos/as matriculado.
- Persoal docente.
- Persoal non docente de oficinas e conserxería e as coidadoras e de limpeza.
- Tamén os pais dos alumnos que poidan vir a visitar ao profesorado e, tamén, as visitas comerciais para falar co persoal do Centro.

### 3.4. PLANOS DE SITUACIÓN POR EDIFICIO E PLANTAS DE TODOS OS ELEMENTOS E/OU INSTALACIÓNS DE RISCOS, TANTO OS PROPIOS COMA OS DO ÁMBITO. CON VALORACIÓN DO RISCO.


# AVENIDA de CASTELAO

Rúa PORRIÑO




Zona de risco especial medio  
Zona de risco especial alto  
Zona sen risco


	CEP CELSO EMILIO FERREIRO		
	PLANO DE LOCALIZACIÓN DOS RISCOS		
	PLANO DO CENTRO	EXTERIOR	Sen escala






-  Zona de risco especial baixo.
-  Zona de risco especial medio
-  Zona de risco especial alto
-  Zona sen risco




	<b>CEP CELSO EMILIO FERREIRO</b>		
	<b>PLANO DE LOCALIZACIÓN DOS RISCOS</b>		
	<b>EDIFICIO PRINCIPAL</b>	<b>PLANTA BAIXA</b>	<b>Sen Escala</b>



-  Zona de risco especial baixo.
-  Zona de risco especial medio
-  Zona de risco especial alto
-  Zona sen riscoZona de risco especial baixo.




	<b>CEP CELSO EMILIO FERREIRO</b>		
	<b>PLANO DE LOCALIZACIÓN DOS RISCOS</b>		
	<b>EDIFICIO PRINCIPAL</b>	<b>1ª PLANTA</b>	<b>Sen Escala</b>




-  Zona de risco especial baixo.
-  Zona de risco especial medio
-  Zona de risco especial alto
-  Zona sen risco

	CEP CELSO EMILIO FERREIRO		
	PLANO DE LOCALIZACIÓN DOS RISCOS		
	EDIFICIO PRINCIPAL	2ª PLANTA	Sen Escala










	CEP CELSO EMILIO FERREIRO		
	PLANO DE LOCALIZACIÓN DOS RISCOS		
	AULARIO	PLANTA BAIXA	Sen Escala



	CEP CELSO EMILIO FERREIRO		
	PLANO DE LOCALIZACIÓN DOS RISCOS		
	AULARIO	1ª PLANTA	Sen Escala



-  Zona de risco especial baixo.
-  Zona de risco especial medio
-  Zona de risco especial alto
-  Zona sen risco

	CEP CELSO EMILIO FERREIRO	
	PLANO DE LOCALIZACIÓN DOS RISCOS	
	PAVILLÓN DEPORTIVO	Sen Escala

## **4. INVENTARIO E DESCRICIÓN DAS MEDIDAS E MEDIOS DE AUTOPROTECCIÓN**

#### 4.1. INVENTARIO E DESCRICIÓN DAS MEDIDAS E MEDIOS, HUMANOS E MATERIAIS, DE QUE DISPÓN A ENTIDADE PARA CONTROLAR OS RISCOS DETECTADOS, ENFRONTAR AS SITUACIÓNS DE EMERXENCIA E FACILITAR A INTERVENCIÓN DOS SERVIZOS EXTERNOS DE EMERXENCIA.

##### 4.1.1 Medidas e medios humanos

Para o control dos riscos detectados o Centro conta cos seguintes medios:

PERSOAS (ver TÁBOA I):

- Do equipo de intervención:
- Do equipo de evacuación:

##### 4.1.2 Medios materiais

Os medios materiais cos que está dotado o CEP CELSO EMILIO FERREIRO intentan responder ao risco principal co que conta o edificio: **o incendio**.

#### CLASIFICACIÓN DOS MEDIOS MATERIAIS NA LOITA CONTRA INCENDIOS (LCI)

Os medios materiais empregados na Loita Contra Incendios (LCI) poden clasificarse en:

- Medios de Actuación.
- Medios de Detección e alarma.

#### MEDIOS MATERIAIS LOITA CONTRA INCENDIOS (LCI):

EQUIPO	Edificio			Aulario		Pavillón	Exterior
	P. Baixa	1º Andar	2º Andar	P. Baixa	1º Andar		
<b>EXTINTOR POLVO ABC (6 Kg)</b>	<b>7</b>	<b>5</b>	<b>2</b>	<b>2</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>0</b>
<b>EXTINTOR DE CO<sub>2</sub></b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
<b>EXTINTOR ABF</b>	<b>0</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>

Non hai nin Bocas de Incendio Equipadas (BIE) nin hidrantes. Tampouco hai elementos de detección e alerta.

#### MEDIOS PARA LOITAR CONTRA DERRAMOS

Ningunha barreira de contención de derramos. Non obstante hai unha barreira perimetral que limita o Centro, agás nas portas de acceso o Centro.

<b>DIRECCIÓN DE EQUIPOS e COMPOSICIÓN DE LOS EQUIPOS</b>		
	<b>DIRECCIÓN dos EQUIPOS</b>	<b>MEMBROS</b>
<b>DIRECCIÓN EMERXENCIA</b>	1º. A Dirección do Centro Se non estivera sería substituída por as seguintes persoas e no seguinte orde: 2º. Xefatura de Estudos 3º. Secretario ou Secretaria do Centro. 4º. O Profesor ou Profesora de mais antigüidade que estee no Centro nese momento. 5º. A persoa da Conserxería.	
<b>EVACUACIÓN</b>	1º. Xefatura de Estudos. Se non estivera, sería substituída por as seguintes persoas e no seguinte orde: 2º. Profesor ou Profesora de mais antigüidade no Centro que hai nese momento e que non sexa o que actúe como Dirección de Emerxencia. 3º. A persoa da Conserxería.	<u>Membros do Equipo de Evacuación:</u>  Profesorado presente na aula. Profesorado de Garda.
<b>INTERVENCIÓN</b>	1º. O Secretario ou Secretaria do Centro. Se non estivera, sería substituída por as seguintes persoas e no seguinte orde: 2º. Profesor ou Profesora mais antigo no Centro que estee presente e que non actúe como Dirección de Emerxencia nin como Xefatura de Evacuación. 3º. A persoa da Conserxería.	<u>Membros do Equipo de Intervención</u>  Persoal non docente.
<b>TÁBOA I</b>		

**OUTROS ELEMENTOS:**

ELEMENTO	Nº	OBSERVACIÓNS
ALARMA XERAL	0	
PULSADORES	0	
CENTRAL CONTRA INCENDIOS	0	
CENTRAL ANTE-INTRUSIÓN	1	
PARARRAIOS	0	

**Medios Auxiliares**

- Instalación de alumado de emerxencia.
- Hai algunha sinalización de evacuación.
- Non hai zonas protexidas.

**4.2. AS MEDIDAS E OS MEDIOS, HUMANOS E MATERIAIS, DISPOÑIBLES EN APLICACIÓN DE DISPOSICIÓNS ESPECÍFICAS EN MATERIA DE SEGURIDADE.**

Os elementos dispoñibles no Centro e que están suxeitos a disposicións específicas son os seguintes:

Os equipos de extinción de incendios que están suxeitos ao Real Decreto 1942/1993, do 5 de Novembro

Os elementos de sinalización dos equipos de contraincendios, e de vías de evacuación, cando os acha no Centro, estarán suxeitos á lexislación de sinalización, Real Decreto 485/1997, do 14 de Abril, e as normas UNE en vigor.

As escaleiras e corredores de evacuación que han de cumprir coa normativa legal e cumprir co Real Decreto 486/1997, do 14 de Abril e ca Lei 38/1995 de 5 de Novembro, e co Código Técnico de Edificación Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo.

A Caldeira de auga quente na que é de aplicación o Real decreto 2060/2008, do 12 de Decembro.

**4.2.1 Cálculo da ocupación nas vías de evacuación**

Para realizar unha estimación dos anchos das vías, escaleiras e portas de evacuación, tomarase como referencia a proposta do Código Técnico de Evacuación. Para facer o cálculo faranse as seguintes consideracións:

- En todas as aulas de Educación Primaria consideramos 26 persoas (25 alumnos/as + profesorado) por aula a evacuar.

## PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

- Nas plantas de oficinas consideras as aulas que hai nesa planta mais todo o profesorado e o persoal non docente do Centro.
- Aínda que non é do todo correcto, consideramos que as aulas están cheas para facer o a estimación de ocupación.

Na táboa seguinte indícase a ocupación por aulas e edificios:

	ÁREAS	Superficie media	Persoas	Código Técnico Edificación (CTE)	Máxima ocupación segundo CTE
		(m <sup>2</sup> .)	Nº	m <sup>2</sup> /persoas	Nº Persoas
EDIFICIO PRINCIPAL	<b>PLANTA BAIXA</b>				
	Aula PT	56	26	1,5	37
	Sala de Profesores	60	16	5,0	12
	Biblioteca	91	26	2,0	45
	Salón de Actos	118	(*)	1/cadeira	1/cadeira
	Planta Baixa	850	(*)	10	85
	<b>1º ANDAR</b>				
	Aulas	61	26	1,5	40
	Laboratorio Ciencias	100	26	5,0	20
	1ª Andar	730	182	10	73
	<b>2º ANDAR</b>				
	Aulas	61	26	1,5	40
	Aula de Plástica	100	26	1,5	66
	2º Andar	730	156	10	73
	<b>TODO O EDIFICIO</b>	2.310	250	10	231
AULARIO	<b>PLANTA BAIXA</b>				
	Aulas	58	26	1,5	38
	2º Andar	330	104	10	33
	<b>1º ANDAR</b>				
	Aulas	58	26	1,5	38
	2º Andar	330	104	10	33
	<b>TODO O AULARIO</b>	660	208	10	66
PAVILLÓN DEPORTIVO	<b>PAVILLÓN DEPORTIVO</b>				
	Vestuarios	50	26	5,0	10
	Ximnasio	1330	26	5,0	266

(\*)Difícil estimación

Nas táboas seguintes indícase o ancho que debería ter o corredor, portas ou escaleiras, segundo número de persoas que saíran en caso dunha evacuación, SEMPRE considerando a situación mais desfavorable.

No caso dos corredores, tómase como ancho de referencia a parte mais estreita do corredor. No caso do edificio principal, no 1º e 2º andar, repártese as persoas entre os dous corredores camiño



da súa respectiva escaleira. E no aulario todas as persoas do primeiro andar usan o mesmo corredor, excepto na planta baixa que se reparten para saír cada metade pola súa porta de saída do edificio.

<b>CÁLCULO DA OCUPACIÓN MÁXIMA TEÓRICA DAS VÍAS DE EVACUACIÓN DOS EDIFICIOS</b>			
<b>CORREDORES</b>	<b>Ancho (m.)</b>	<b>Persoas</b>	<b>Ancho segundo Código Técnico Construción</b>
<b>EDIFICIO PRINCIPAL. Planta Baixa</b>			
Corredor Central	2,5	Menos de 200	1,50
<b>EDIFICIO PRINCIPAL. 1º e 2º andar</b>			
Corredor Central	2,5	91	1,0
<b>AULARIO. Planta Baixa</b>			
Corredor Central	1,8	52	1,0
<b>AULARIO. 1º andar</b>			
Corredor Central	1,8	104	1,0

Como ven se pode ver non hai problemas nos corredores do Centro, xa que teñen un ancho maior que o indicado no Código Técnico de Edificación.

Analízase a continuación os anchos das escaleiras. No edificio principal, as persoas que baixan do 2º andar mestúranse coas persoas do 1º andar cando baixan deste piso a planta baixa. Como hai dúas escaleiras, repártense as persoas a partes iguais por cada escaleira.

No aulario só hai unha escaleira para baixar do 1º andar a planta baixa.

<b>ESCALEIRAS</b>	<b>Ancho (m.)</b>	<b>Persoas</b>	<b>Código Técnico Construción (m.)</b>
<b>EDIFICIO PRINCIPAL</b>			
Escaleira do edificio de 2º andar ao 1º andar	1,8	78	1,00
Escaleira do edificio de 1º andar a planta baixa	1,8	169	1,10
<b>AULARIO</b>			
Escaleira saída do 1º andar	1,40	104	1,00

Tamén, como pode deducirse, non hai problema co ancho das escaleiras en todos os edificios.

A continuación analízase os anchos das portas. Como se pode ver no cadro, non hai problemas co ancho das portas. Cando hai que pasar dúas portas, considerase sempre a de menor ancho.

PORTAS	Ancho (m.)		Persoas	Ancho segundo Código Técnico Construción
	Nº follas	Ancho/folla		
<b>EDIFICIO PRINCIPAL</b>				
Saída Exterior Principal	2	0,9	250	2 x 0,60 m.
Saídas Exterior cara o patio Norte-Oeste e Norte-Leste	2 asimétricas	0,8+03	26	0,80 m.
Saída preto do comedor	1	0,90		0,80 m.
Saída de aulas	1	0,80	26	0,80 m.
<b>AULARIO</b>				
Porta saída o exterior. Norte	2	0,80	208	2 x 0,60 m.
Porta saída o exterior. Sur	2	0,80	208	2 x 0,60 m.
Saída de aulas	1	0,80	26	0,80 m.
<b>PAVILLÓN DE DEPORTES</b>				
Saída	2	0,77	26	0,80 m.

Só hai un pequeno problema coa porta do pavillón deportivo e coas portas posteriores (Norte-Leste e Norte-Oeste) do edificio principal.

#### 4.2.2 Punto de Encontro

O Punto de Encontro e o lugar onde todas as persoas presentes no Centro CEP CELSO EMILIO FERREIRO deberán de ir no caso de que se declare unha Evacuación Xeral de calquera dos edificios baixo a xestión da Dirección do Centro. Este lugar deberá ser un sitio seguro, en todo o momento, para calquera persoa que estea nel.

O Obxecto do Punto de Encontro é que nel todas as persoas que evacuaron os edificios se atopen a salvo do elemento que xerou a emerxencia. No Punto de Encontro cada profesor ou Profesora pasará lista do alumnado que tivo na súa clase con obxecto de detectar se falta algunha persoa delas. Se así fóra, comunicarao a Xefatura de Evacuación. Por esta razón é importante que se garde un certo orde no Punto de Encontro.


O punto de encontro atópase no patio descuberto, no lado norte do Centro (identificado co número 4, no epígrafe 2.2).





O acceso a este punto de encontro realizarase facendo a saída dos edificios sen pasar preto do elemento que xerou a situación de emerxencia e terase en conta os riscos que pódense engadir a situación de emerxencia debido os riscos que podían xerar elementos tales como os depósitos de gasóleo, caldeira, etc., que poden condicionar a ruta para chegar os punto de encontro. Tamén, se o fumo dun lume se dirixe cara o patio descuberto pódese mover as persoas de lugar, e como última


necesidade, sacalas fora do Centro, cara a beirarrúa. Neste caso terase ven controladas a todas as persoas para non saír a rúa e ser atropeladas por os coches.


No momento de detectar unha situación de risco, a Dirección de Emerxencia debe ter claro se a situación esixe ir cara o Punto de Encontro ou si esixe quedar dentro dos edificios, por esta razón recoméndase ler os protocolos de actuación que figuran no epígrafe 6.6. Tamén, se o Punto de Encontro puidera supoñer un risco para as persoas que estean nel ou que puideran ir cara el, a Dirección de Emerxencia é a única persoa que pode establecer outro lugar, seguro, como Punto de Encontro. Recoméndase que no momento de ordenar a evacuación a Dirección de Emerxencia indique, por megafonía, cara onde establecer o Punto de Encontro.






#### **4.3. PLANOS DE SITUACIÓN DOS MEDIOS DE AUTOPROTECCIÓN**




-  Sirena de emerxencia
-  Extintor portátil de po ABC
-  Extintor portátil de CO<sub>2</sub>
-  Extintor sprinkler automáticos





	<b>CEP CELSO EMILIO FERREIRO</b>		
	<b>PLANO DE SITUACIÓN DOS ELEMENTOS DE LOITA CONTRA O LUME</b>		
	<b>EDIFICIO PRINCIPAL</b>	<b>PLANTA BAIXA</b>	<b>Sen Escala</b>





-  Extintor portátil de po ABF
-  Extintor portátil de po ABC
-  Extintor portátil de CO<sub>2</sub>
-  Extintor sprinkler automáticos
-  Boca de incendio equipada (BIE)





	<b>CEP CELSO EMILIO FERREIRO</b>		
	<b>PLANO DE SITUACIÓN DOS ELEMENTOS DE LOITA CONTRA O LUME</b>		
	<b>EDIFICIO PRINCIPAL</b>	<b>1ª PLANTA</b>	<b>Sen Escala</b>





-  Extintor portátil de po ABC
-  Extintor portátil de CO<sub>2</sub>
-  Extintor sprinkler automáticos
-  Boca de incendio equipada (BIE)





	<b>CEP CELSO EMILIO FERREIRO</b>		
	<b>PLANO DE SITUACIÓN DOS ELEMENTOS DE LOITA CONTRA O LUME</b>		
	EDIFICIO PRINCIPAL	2ª PLANTA	Sen Escala




-  Extintor portátil de po ABC
-  Extintor portátil de CO<sub>2</sub>
-  Extintor sprinkler automáticos
-  Boca de incendio equipada (BIE)

	<b>CEP CELSO EMILIO FERREIRO</b>		
	<b>PLANO DE SITUACIÓN DOS ELEMENTOS DE LOITA CONTRA O LUME</b>		
	<b>AULARIO</b>	<b>PLANTA BAIXA</b>	<b>Sen Escala</b>





-  Extintor portátil de po ABC
-  Extintor portátil de CO<sub>2</sub>
-  Extintor sprinkler automáticos
-  Boca de incendio equipada (BIE)



	<b>CEP CELSO EMILIO FERREIRO</b>		
	<b>PLANO DE SITUACIÓN DOS ELEMENTOS DE LOITA CONTRA O LUME</b>		
	<b>AULARIO</b>	<b>1ª PLANTA</b>	<b>Sen Escala</b>









	CEP CELSO EMILIO FERREIRO		
	PLANO DE SITUACIÓN DOS ELEMENTOS DE LOITA CONTRA O LUME		
	PAVILLÓN DEPORTIVO	1ª PLANTA	Sen Escala


#### **4.3.1 Elementos de Detección e Alerta**


No Centro non existen elementos de detección e alerta. Habilitouse un equipo de megafonía para emitir mensaxes.




#### **4.4. PLANOS DE PERCORRIDOS DE EVACUACIÓN E ÁREAS DE CONFINAMENTO, REFLECTINDO O NÚMERO DE PERSOAS A EVACUAR OU CONFINAR POR ÁREAS SEGUNDO OS CRITERIOS FIXADOS NA NORMATIVA VIXENTE.**






-  Principal
-  Vía de Evacuación Secundaria
-  Punto de Encontro

	<b>CEP CELSO EMILIO FERREIRO</b>		
	<b>PLANO DE PERCORRIDOS DE EVACUACIÓN</b>		
	EDIFICIO PRINCIPAL	PLANTA BAIXA	Sen Escala





-  Vía de Evacuación Principal
-  Vía de Evacuación Secundaria
-  Punto de Encontro Vía de Evacuación


	CEP CELSO EMILIO FERREIRO		
	PLANO DE PERCORRIDOS DE EVACUACIÓN		
	EDIFICIO PRINCIPAL	PLANTA BAIXA	Sen Escala







	CEP CELSO EMILIO FERREIRO		
	PLANO DE PERCORRIDOS DE EVACUACIÓN		
	EDIFICIO PRINCIPAL	1ª PLANTA	Sen Escala







	CEP CELSO EMILIO FERREIRO		
	PLANO DE PERCORRIDOS DE EVACUACIÓN		
	EDIFICIO PRINCIPAL	2ª PLANTA	Sen Escala




-  Vía de Evacuación Principal
-  Vía de Evacuación Secundaria
-  Punto de Encontro


	CEP CELSO EMILIO FERREIRO		
	PLANO DE PERCORRIDOS DE EVACUACIÓN		
	AULARIO	PLANTA BAIXA	Sen Escala







-  Vía de Evacuación Principal
-  Vía de Evacuación Secundaria
-  Punto de Encontro


	CEP CELSO EMILIO FERREIRO		
	PLANO DE PERCORRIDOS DE EVACUACIÓN		
	AULARIO	PLANTA BAIXA	Sen Escala









-  Vía de Evacuación Principal
-  Vía de Evacuación Secundaria
-  Punto de Encuentro


	CEP CELSO EMILIO FERREIRO		
	PLANO DE PERCORRIDOS DE EVACUACIÓN		
	AULARIO	1º ANDAR	Sen Escala





-  Vía de Evacuación Principal
-  Vía de Evacuación Secundaria
-  Punto de Encuentro


	CEP CELSO EMILIO FERREIRO	
	PLANO DE PERCORRIDOS DE EVACUACIÓN	
	PAVILLÓN DEPORTIVO	Sen Escala

#### 4.4.1. PLANO DO PUNTO DE ENCONTRO




 Zona de risco que condiciona ubicación do Punto de Encontro, ou a saída cara él.

 Punto de Encontro

	<b>CEP CELSO EMILIO FERREIRO</b>	
	<b>PLANO DE UBICACIÓN DO PUNTO DE ENCONTRO</b>	
		<b>Sen Escala</b>

#### **4.5. PLANOS DE COMPARTIMENTACIÓN DE ÁREAS OU SECTORES DE RISCO.**



	CEP CELSO EMILIO FERREIRO	
	PLANO COMPARTIMENTACIÓN DE SECTORES DE RISCOS	
		Sen Escala

## **5. PROGRAMA DE MANTEMENTO DE INSTALACIONES**

### 5.1 DESCRICIÓN DO MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓNS DE RISCO QUE GARANTA O CONTROL DAS MESMAS

De forma mensual, revisarase as áreas de risco seguintes, con obxecto de detectar a existencia de elementos que podan xerar a materialización do risco:

- Salas de caldeiras. Deberán de estar ordenadas e limpas, procurando mantelas sen elementos combustibles. Tamén comprobarase que en todas as salas teñan un extintor, polo menos, e que os extintores esteen en condicións de uso. A sala de caldeiras non debe ser un lugar de almacenamento.
- Zona de carga do tanque de almacenamento de gasóleo. Debe estar limpo; se en algún momento rebordará o gasóleo, ou se derramara no chan, limparase de forma inmediata. A descarga da cisterna con gasóleo farase conectando a terra as partes metálicas do vehículo para evitar a acumulación de cargas electrostáticas. Deberase revisar o equipo de conexión a terra para verificar o seu correcto funcionamento.
- As aulas deberán estar limpas e ordenados, e procurarase manter nelas a menor cantidade de elementos combustibles (madeira, papeis, plásticos). Procurarase que os equipos eléctricos esteen apagados e desenchufados cando non estean persoas dentro.
- A Biblioteca manterá sempre os libros ordenados e colocados no seu lugar nos estantes. Os ordenadores existentes neste lugar deben de ter todo o cableado sen fisuras que permita ver a parte metálica do cable. Non sobrecargar enchufes mediante uso de excesivo número de caixas de conexión. Os usuarios dos equipos informáticos deben de apagalos unha vez finalizado o seu uso.
- En xeral, o Centro debe manterse limpo e ordenado, debendo de eliminarse os elementos que non se utilicen. Os almacéns deberán estar, tamén, limpos e ordenados e os elementos gardados segundo seu tipo de material.
- Preto dos cadros xerais eléctricos non se almacenará, nin de forma provisional, material combustible (papeis, madeira, etc.).
- Deberíase de facer un estudio de resistencia de cada un dos pisos dos edificios, así como un estudio da estabilidade das paredes dos edificios das aulas.
- Debido o perigo existente, recoméndase que as operacións de carga dos tanques de gasóleo debe de facerse sempre fora do horario escolar.

### 5.2 DESCRICIÓN DO MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN QUE GARANTA A OPERATIVIDADE DESTAS.

O mantemento preventivo que se ha de realizar é o que se indica a continuación:

- Luces de Emerxencia. Revisión mensual do correcto funcionamento das luces de emerxencia.



- Sinalización. Revisión mensual do correcto estado e situación das sinais de emerxencia, cando existan.
- Edificios. Revisión, cada 6 meses, do estado dos edificios. Buscarase a existencia de gretas e calquera outra manifestación que poida ser indicativo dun dano na estrutura. En caso de encontrar algún defecto, comunicarse por escrito ao Departamento de Construción da Consellería responsable de Educación da Xunta de Galicia para emendar este problema. Vixiar de forma especial o silo onde se atopa unha das caldeiras.
- Equipos de Emerxencia. Todos os equipos de emerxencia, que houber, que poidan ser utilizados polos equipos de intervención e evacuación, deben de estar operativos. Revisaranse mensualmente, agás os indicados no epígrafe 5.3, que se farán cando se indiquen no devandito apartado.
- As Vías de Evacuación. Aínda que a revisión se pode facer diariamente alí onde se realiza a actividade docente, polo menos semanalmente, inspeccionarase o estado en que se encontran: Libres de obstáculos e libres de sucidade que poida dar lugar a que o persoal esvare ao pisar.
- As Vías de evacuación. Os chans das vías non deben de presentar nin gretas nin elementos fixados ao chan que poidan dar lugar a tropezos. Tanto a sinalización das vías de evacuación como dos elementos de uso en caso de emerxencia, cumprirán as disposicións do Real Decreto 485/1997 e as normas UNE en vigor.

Cada unha destas inspeccións deben de quedar rexistradas en soporte papel, identificando a persoa que a fixo e estampando a súa firma no documento. Recoméndase que esta revisión a realice, alternativamente, os membros dos equipos de intervención e evacuación. Estes documentos deben de ser gardados pola Dirección do Centro. No ANEXO II proponse unha folla onde rexistrar estas revisións, pero aquelas revisións que se fagan con empresas externas acreditadas deberán quedar rexistradas nas follas que utilicen estas empresas que deben de firmar os técnicos que as fixeron. Todos estes rexistros gardaranse en Administración.

### **5.3 REALIZACIÓN DAS INSPECCIÓNS DE SEGURIDADE DE ACORDO COA NORMATIVA VIXENTE.**

Conforme a normativa vixente, periodicamente será necesario facer un conxunto de revisión tanto dos equipos de emerxencia como en todos aqueles aspectos que condicionen e incidan na seguridade do Centro. Aínda que aquí vanse nomear elementos que non hai no Centro, faise mención deles xa que se propoñen como elementos de mellora da situación actual do Centro para loitar contra as emerxencias.

### 5.3.1 Inspeccións dos equipos de emerxencia

Conforme a normativa vixente, Real Decreto 1942/1993, do 5 de novembro, é necesario realizar as seguintes inspeccións dos equipos. Inclúese unha relación dos equipos existentes e os que se propoñerán, epígrafe 8.6, aínda que non existan no Centro no momento de redactar este Plan de Autoprotección:

#### **TRIMESTRAIS:**

- Alarma de incendios. Comprobar o seu funcionamento.
- Extintores. Comprobación da accesibilidade e sinalización, bo estado aparente de conservación, seguros, precintos, inscricións, manguera. Estado da carga e das partes mecánicas.
- BIE (Bocas de Incendio Equipadas). Comprobación da boa accesibilidade e sinalización dos equipos. Comprobación dos seus compoñentes, procedendo a desenrolar a manguera en toda a súa extensión e accionamento da boquilla, en caso de ser de varias posicións. Comprobar, por lectura do manómetro, da presión de servizo. Comprobar a limpeza do conxunto e engraxe de peches e bisagras en portas do armario.

#### **ANUALMENTE**

- Alarma de incendios. Verificación integral da instalación.
- Extintores. Verificación do estado de carga. Comprobación da presión de impulsión do axente extintor. Estado da manguera, boquilla ou lanza, válvulas e partes mecánicas.
- BIE (Bocas de Incendio Equipadas). Desmontaxe da manguera e ensaio desta en lugar axeitado. Comprobación do correcto funcionamento da boquilla nas súas distintas posicións e do sistema de peche. Comprobación da estanquidade das unións e manguera e estado das xuntas. Comprobación da indicación do manómetro con outro de referencia (patrón) adaptado na unión de conexión da manguera.

#### **CADA CINCO ANOS**

- Extintores. Retimbrar o extintor de acordo coa ITC-MIE AP5 do Regulamento de aparatos a presión sobre extintores de incendios.
- BIE (Bocas de Incendio Equipadas). A manguera debe ser sometida a unha presión de 15 Kg/cm<sup>2</sup>.

Debe de terse en conta que un extintor non terá mais de 20 anos de vida.

Cada unha destas inspeccións deben de quedar rexistradas en soporte papel, identificando a persoa que as realizou e estampando a súa firma no documento. Débese de indicar o resultado da inspección por cada un dos equipos indicados. Estes documentos deben de ser gardados pola Dirección do Centro.

### 5.3.2 Inspeccións de elementos que inciden na seguridade

Varios son os equipos de que poden xerar unha situación de risco e que están sometidos ás inspeccións que indica a súa correspondente lexislación, e conforme se indica na lexislación, a través de unha ENAC. Entre elas hai que citar:

- Os cadros eléctricos que revisaranse e manteranse en bo estado de funcionamento conforme a lexislación de baixa tensión vixente. As operacións de mantemento por persoal con formación acreditada para facelo, e as inspeccións realizaranse por empresas autorizadas conforme o Real Decreto 842/2002, de 2 de agosto, sobre Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión.
- As instalacións térmicas serán obxecto de mantemento por organismo autorizado segundo indicado no Regulamento de Instalacións Térmicas en edificios, segundo o Real Decreto 1027/2007, de 20 de xullo.
- Inspeccións das caldeiras existentes na sala de caldeiras no soto do edificio principal. Estas caldeiras deben de ser inspeccionadas conforme se indica no capítulo III, artigo 6, do Real Decreto 2060/2008, do 12 de decembro. Estas inspeccións deben de realizalas o fabricante da caldeira ou un organismo de control autorizado.
- Inspeccionar anualmente o correcto estado e funcionamento do pararraios do Centro, cando se poña.
- Aínda que no momento de redactar este Plan de Autoprotección non hai equipo de toma de terra para as descargas de gasóleo, cando se instale, faranse revisións das tomas de terra segundo ITC-BT-18, al menos unha vez o ano.
- Revisar que as instalacións onde se almacena o gasóleo cumpran coa lexislación vixente, Real Decreto 379/2001, de 6 de abril. MIE-APQ-1.
- Sinalizar as vías de evacuación e saídas de emerxencia conforme a normativa legal vixente e a norma UNE vixente en cada momento.

## **6. PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS**

## 6.1 IDENTIFICACIÓN E CLASIFICACIÓN DAS EMERXENCIAS

As emerxencias poden clasificarse en función da gravidade, do tipo de risco e en función da ocupación e medios humanos.

**Clasificación pola súa gravidade.** Podemos clasificar este tipo de emerxencias en:

- Conato de emerxencia.
- Emerxencia Parcial.
- Emerxencia Xeral.

### **CONATO DE EMERXENCIA:**

É o accidente que pode ser controlado e dominado de forma sinxela e rápida polo persoal do Centro, área ou sección. Inicialmente, esta situación non é comprometida nin para as persoas nin para os bens.

### **EMERXENCIA PARCIAL:**

Esta emerxencia está orixinado por un accidente que para ser controlado polos medios dispoñibles no propio Centro. Os efectos da emerxencia parcial quedarán limitados a unha zona do Centro. Pode implicar unha evacuación parcial da zona afectada. Esta situación implica que unha parte das persoas do Centro están en situación de risco.

### **EMERXENCIA XERAL:**

Esta emerxencia está causada por un accidente que pode poñer en perigo a todas, ou unha parte importante, as persoas que están no Centro. Este tipo de emerxencia precisa da actuación de todos os equipos e medios de protección do Centro, mesmo contando coa axuda externa para combatelo. Este tipo de emerxencia comportará a evacuación total de todas as persoas que estean presente no Centro, xa que supón un risco para a maior parte das persoas presentes.

**Clasificación polo tipo de risco.** Podemos clasificar as emerxencias en:

- Emerxencias de tipo técnico
- Emerxencias de tipo natural
- Emerxencias causadas por persoas.

### **EMERXENCIAS DE TIPO TÉCNICO**

Teñen orixe nos equipos e instalación do Centro (cadros eléctricos, caldeiras, equipos electrónicos) que poden causar un lume dentro dos edificios e, tamén, poden vir acompañados de explosións no caso das caldeiras.

**EMERXENCIAS DE TIPO NATURAL**

Teñen orixe nos fenómenos meteorolóxicos, por exemplo os raios, ventos, terremotos e choiva. Poden causar un lume, destrución dos bens do Centro, inundacións, aínda que esta última posibilidade e baixa xa que os edificios están nun terreo con unha forte pendente. Tamén poden causar un lume na vexetación que rodea o Centro e pode afectar non só coas chamuscas senón, tamén, co fume. Os ventos poden afectar ao edificio ou xerar caída das árbores que hai arredor do Centro.

**EMERXENCIAS CAUSADAS POR PERSOAS**

As persoas poden causar danos nos bens e as persoas do Centro mediante ameazas reais ou ficticias (presenza de bombas), actos delituoso (xerando un lume non so dentro dos edificios, na vexetación que hai arredor).

**Clasificación en función da ocupación e medios humanos.** Podemos clasificar as emerxencias en:

- Diúrna
- Nocturna
- Vacacións

**DIÚRNA**

Pode ser a mais normal, aínda que no horario de mañá hai moita mais persoas nos edificios que nos horarios de tarde.

**NOCTURNA**

O Centro permanece pechado, polo que non hai que esperar situacións de risco xa que os elementos que os poden causar deberían estar apagados. Podería haber riscos para os bens do Centro pola presenza de persoas alleas causando actos delituosos.

**VACACIONS**

O Centro permanece pechado, polo que sería unha situación similar no caso da clasificación NOCTURNA.

**6.2 PROCEDIMENTOS DE ACTUACIÓN ANTE AS EMERXENCIAS**

O presente PLAN DE AUTOPROTECCIÓN ten como obxectivo a definición das secuencias das accións a desenvolver para o control inicial das emerxencias que poidan producirse, co coñecemento das respostas a que deben ser atendidas as seguintes preguntas:

Que se fará?; Quen o fará?; Cando, como e onde?

Planificando, para iso, a organización humana cos medios necesarios que posibilitan este fin. As distintas emerxencias requirirán a intervención de persoas e medios para garantir en todo momento a posta a salvo das outras persoas presentes no centro:

- Poñendo en acción aos equipos do Centro.
- Facendo, se procede, a evacuación do edificio.
- Controlando a situación de emerxencia.
- Solicitando o apoio dos servizos de axuda exterior.

O PLAN DE AUTOPROTECCIÓN é a planificación humana para a utilización óptima dos medios técnicos previstos en caso de emerxencia, coa finalidade de reducir ao máximo as súas posibles consecuencias humanas, económicas e ambientais. Neste PLAN DE AUTOPROTECCIÓN indícanse como actuar, de forma xeral, ante calquera dos sinistros antes identificados e como realizar unha evacuación, se houbese que facela.

**O PLAN DE AUTOPROTECCIÓN ACTÍVASE CANDO A DIRECCIÓN DO CENTRO, OU A PERSOA QUE O SUBSTITÚE, O PON EN MARCHA.**

O CEP CELSO EMILIO FERREIRO ten tres edificios onde existen riscos para as persoas e que poden facer activar este Plan de Autoprotección. Por iso hai dous formas de actuar. Hai unha forma xeral, para cando se está no edificio de Principal e outro, mais sinxelo, cando se está no edificio Aulario ou no Pavillón Deportivo.

**6.2.1 SITUACIÓN DE RISCO NO EDIFICIO DE EDUCACIÓN PRINCIPAL. Actuación ante unha emerxencia**

A forma xeral de actuación ante unha emerxencia no edificio de Principal do CEP CELSO EMILIO FERREIRO, e, tamén, de forma xeral é a seguinte:

- 1. Cando calquera persoa do Centro detecta unha situación de risco debe de notificalo a Dirección do Centro avisando ao profesor ou profesora da aula que estea mais preto.** Non obstante, se a situación pódese controlar de forma inmediata débese actuar, SEN POÑER EN RISCO A VIDA DE NINGUÉN. Se é un lume, por exemplo, con un extintor actuarase segundo a formación recibida ou como se indica no epígrafe 6.5 “Protocolo de PASOS A SEGUIR PARA A EXTINCIÓN DO LUME”. O adecuado sería que o aviso chegara á Dirección do antes posible. Para elo, o mellor sería comunicalo á persoa que atende a Conserxería e que esta avisara a Dirección. Como a persoa da Conserxería pode que non se atope no Centro o mellor, se non se coñece onde pode atoparse a Dirección do Centro, e con intención de gañar tempo, é facer soar a alarma de emerxencia (facendo soar o timbre de cambio de clase de forma intermitente, máis dun minuto).

2. **A Dirección do Centro, ou a persoa que o substitúe, acudirá o lugar onde se atopa a situación de risco.** Declarará, se o estima oportuno, a situación de emerxencia (xeral, parcial ou conato de emerxencia), activando o Plan de Autoprotección.

***É importante coñecer os protocolos para saber se a emerxencia implica unha evacuación do edificio ou quedar dentro do edificio.***

3. **Activar o Plan de Autoprotección.** Se hai que abandonar o edificio, a Dirección de Emerxencia o comunicará facendo, ou mandando facer, soar a alarma de emerxencia (facendo soar o timbre de cambio de clase de forma intermitente, máis dun minuto).

- Se é unha emerxencia parcial. Se indicará que zonas ou aulas deben de evacuar. E indicarse que estas persoas vaian cara o Punto de Encontro.
- Se é unha emerxencia xeral se indicará, cos elementos dispoñibles, que todos deben de evacuar o edificio e dirixirse cara o Punto de Encontro.

É importante que a Dirección de Emerxencia coñeza os protocolos de emerxencia (epígrafe 6.6) correspondentes, segundo a situación de emerxencia.

**Neste punto, a Dirección de Emerxencia debe de pensar se necesita chamar a axuda externa. De ser así, deberá dar instrucións de chamar ao teléfono de emerxencias 112, ou dar instrucións para que outra persoa chame.**

No caso de ser imposible evacuar unha zona ou aula, verase a posibilidade de proceder ao confinamento de ditas persoas (ver epígrafe 6.2.4).

No caso de haber no Centro persoas con algunha discapacidade, ver epígrafe 6.2.5.

Se se activa o Plan de Autoprotección, e non hai que saír do edificio, A Dirección de Emerxencia comunicará as persoas que permanezan nos seus postos, ata que se resolva a situación de emerxencia. Neste caso, todas as persoas do edificio estarán en silencio para poder escoitar as instrucións da Dirección de Emerxencia.

4. **Se hai que saír do edificio, as persoas sairán das aulas.** O profesorado que se encontre na aula será a última persoa en abandonar a aula, asegurándose que ninguén queda nela.

- O persoal docente sacará o seu alumnado seguindo as vías de evacuación (epígrafe 4.2.6), a menos que a Xefatura de Evacuación estableza algunha vía alternativa, levarase a todo o persoal cara ao punto de encontro.
- Cada membro do persoal docente, ao finalizar a comprobación da súa aula, e saíndo polo corredor, abrirá a porta da seguinte aula que se atopa na dirección de saída. Non



comprobará máis aulas. Comprobará que non hai ninguén nela. Logo pecha a porta e vai co seu alumnado cara o Punto de Encontro.

- O profesor ou profesora cuxa aula, no sentido da evacuación, estea antes dos aseos, será que revise se hai alumnado nos aseos. En caso afirmativo sacará a dito alumnado e volverá con eles para seguir cos seus rapaces e rapazas. Se algún aseo non se atopa na ruta de evacuación, ira aquel profesor ou profesora que teña a súa aula máis preto dos aseos.

**4.1. Modo de saír da aula, o profesorado e o seu alumnado.** O profesorado que estaba na aula irá detrás do seu alumnado, para controlar que ninguén se perda ou de volta para a clase. Débese recordar se algún alumno ou alumna está nos aseos.

Nos corredores as persoas de cada aula sairán dela e avanzarán polo centro do corredor, facilitando a incorporación doutras persoas que saen das outras aulas.

Nos corredores con varias aulas, o profesor ou profesora, antes de saír da súa aula comprobará que ninguén queda nela. Logo irá co seu alumnado. O pasar pola seguinte aula, na ruta de evacuación, abrirá a porta dela e comprobará que ninguén queda nela. O profesor ou profesora na aula que estea preto dos aseos ou na ruta de evacuación, comprobará que ninguén queda neles. Se houbera alguén nos aseos sacará a ditas persoas cara o Punto de Encontro.

A condición a considerar para realizar a marcha é "**SEN PRÉSA PERO SEN PAUSA**".

**4.2. Modo de saír do edificio ata chegar ao Punto de Encontro.** A saída farase en orde e, tamén, en silencio. Isto permitirá poder escoitar as instrucións do persoal do grupo de evacuación.

- 5. No Punto de Encontro.** Sepáranse os grupos por aulas. O profesorado, que estivo na aula, procederá a comprobar que todo o alumnado que estaba na súa aula, está no Punto de Encontro. Se a emerxencia se iniciou estando o alumnado fóra dos edificios (no recreo), será o profesorado que estivo na aula antes do recreo.
- 6. Se algún membro do profesorado detecta unha anomalía no Punto de Encontro.** Tanto se falta alguén, coma se están todos no punto de encontro, o profesorado informará á Xefatura de Evacuación para que esta informe á Dirección de Emerxencia desta situación.
- 7. A Xefatura de Evacuación será a encargada de comprobar que todo o persoal docente e non docente evacuou o edificio.** Informará desta situación a Dirección de Emerxencia.




Diagrama.- Activación do PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

8. Se alguén non puidese evacuar o edificio. Unha vez informada a Dirección de Emerxencia, esta valorará, coa Xefatura de Intervención, a posibilidade de organizar un rescate. Neste caso terase en conta que:

**A VIDA DUN COLECTIVO DEBE DE PRIMAR SOBRE A INDIVIDUAL.**

Verase se con axuda dos membros do equipo de evacuación se se pode rescatar a persoa que quedara no edificio. Se non fose posible organizar este grupo, entón, en canto chegue a axuda externa, informarase á Dirección deste grupo da falta de dita persoa.

- 9. Durante o tempo que dure a emerxencia.** TODO o persoal debe de estar situado e localizado no Punto de Encontro.

Cando se chame a Emerxencias (teléfono 112) debe indicarse se é preciso que veña axuda sanitaria. No epígrafe 6.5 indícanse algunhas pautas de carácter xeral a considerar segundo as situacións de emerxencia. Deben considerarse de criterio xeral e que poden axudar nun momento dado.

### **6.2.2 SITUACIÓN DE RISCO NO EDIFICIO AULARIO. Actuación ante unha emerxencia**

O modo de actuación neste edificio é o indicado a continuación. Posteriormente, unha vez a Dirección de Emerxencia sexa asumida por algunha das persoas indicadas no epígrafe 4.1.1, poderase actuar, se así o indica, seguindo as pautas indicadas no epígrafe 6.2.1.

- 1. Cando calquera persoa deste edificio detecta unha situación de risco debe de avisar ao profesor ou profesora que estea no edificio ou a persoa responsable do edificio.** Nunca se deberá poñer en perigo a ningunha persoa.
- 2. O profesor ou profesora avisará ao outro profesorado das aulas deste edificio e iniciarán a evacuación do edificio.**
- 3. Evacuarán o edificio e irán cara o Punto de Encontro.** No Punto de Encontro comprobarán se todo o seu alumnado está neste lugar.
- 4. A persoa que detectou o elemento de risco irá a localizar a Dirección do Centro (ver epígrafe 1.3) para que tome as decisións que estime oportunas (chamar axuda externa, etc.).**

### **6.2.3 SITUACIÓN DE RISCO NO PAVILLÓN DEPORTIVO. Actuación ante unha emerxencia**

O modo de actuación neste edificio é o indicado a continuación. Posteriormente, unha vez a Dirección de Emerxencia sexa asumida por algunha das persoas indicadas no epígrafe 4.1.1, poderase actuar, se así o indica, seguindo as pautas indicadas no epígrafe 6.2.1.

- 1. Cando calquera persoa deste edificio detecta unha situación de risco debe de avisar ao profesor ou profesora que estea no edificio ou a persoa responsable do edificio.** Nunca se deberá poñer en perigo a ningunha persoa.

2. **O profesor ou profesora fará evacuar o edificio e irán cara o Punto de Encontro.** No Punto de Encontro comprobarán se todo o seu alumnado está neste lugar.
3. A persoa que detectou o elemento de risco irá a localizar a Dirección do Centro (ver epígrafe 1.3) para que tome as decisións que estime oportunas (chamar axuda externa, etc.).

#### **6.2.4 PROTOCOLO DE CONFINAMENTO E DE ACTUACIÓN NO CASO DE EXISTIR ALGUNHA PERSOA CON DISCAPACIDADE PARA PODER EVACUAR OS EDIFICIOS.**

O confinamento é unha técnica que permite protexer a unha persoa ou grupo de persoas, que non pode evacuar cara o Punto de Encontro. Para iso se leva a dita persoa a un punto (aula, sala, .....) afastado do elemento de risco. Debendo de permanecer en dito lugar ata que sexan rescatados ou ata que se teña controlada a situación de risco. Para iso:

1º.- A Xefatura de Evacuación, co coñecemento da Dirección de Emerxencia, mandará que as persoas se dirixan para a zona (corredor, lado, aula,.....). Ditas persoas deben ir co profesor ou profesora que estivera con eles previamente ou con quen considere a Xefatura de Evacuación.

No caso de que fora algunha persoa con discapacidade, dita persoa ha de estar sempre acompañada dalgún profesor ou profesora.

2º.- As persoas quedarán dentro dunha sala o aula, coa porta pechada. Neste caso, en canto chegue a axuda externa, avisarase, inmediatamente, a persoa o cargo deste grupo de axuda externa, da situación onde se atopan as persoas na aula.

Procederase a súa evacuación de forma inmediata xa sexa polos corredores ou por unha fiestra, no caso de recibir a axuda dos bombeiros.

#### **6.2.5 PROTOCOLO EN CASO DE TER PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO CENTRO.**

A evacuación das persoas con discapacidade vai a depender do grao de discapacidade que teña dita persoa. A existencia destas persoas nunha aula non debe retardar a saída das outras persoas que hai na aula ou no edificio. Así,


- Se o grao de discapacidade dunha persoa non impídese desprazarse, esta persoa deberá ir acompañada polo profesor ou profesora que estaba na aula.
- Se o grao de discapacidade fora maior, a Xefatura de Evacuación ou a Dirección de Emerxencia deberán enviar a algún membro do profesorado que estea de garda a aula onde se atope a persoa con discapacidade para axudarlle a saír de aula cara o Punto de Encontro.

- Se non fora posible evacuar cara o Punto de Encontro, con garantías para a vida da persoa con discapacidade, entón debería poñerse a salvo practicando o confinamento (ver epígrafe 6.2.4) acompañado dun profesor ou profesora de garda.

### 6.3. IDENTIFICACIÓN E FUNCIÓNS DAS PERSOAS E EQUIPOS QUE LEVARÁN A CABO OS PROCEDIMENTOS DE ACTUACIÓN EN EMERXENCIAS

O persoal docente dos centros escolares da Xunta de Galicia, como o é o CEP CELSO EMILIO FERREIRO, non sempre é estable no centro de traballo, xa que adoitan concursar para outros centros. Por iso, e para facer do presente Plan un documento operativo non se indica, a continuación o nome das persoas que compoñen a Dirección dos equipos mencionados no Plan de Autoprotección e faise nunha folla adxunta (epígrafe 4.1.1), que será modificada e posta ao día pola Dirección do Centro.

Basicamente, o organigrama que haberá no centro será o que se indica a continuación, e a continuación indícanse as funcións de cada un dos membros e grupos.



*Organigrama nunha situación de*

#### DIRECCIÓN DE EMERXENCIA

A persoa que ocupe a Dirección de Emerxencia será a **MÁXIMA** autoridade no Centro, hasta que de por finalizado a situación de emerxencia, cousa que será ela que declare esta situación.

1. Avaliar as condicións de emerxencia.
2. Obter a información necesaria para dirixir as condicións que se han de iniciar de acordo cos procedementos de emerxencia.
3. Velará pola seguridade das persoas que estean na localización e polo medio.
4. Establecerá o seu Posto de Mando no Centro de Comunicacions de Emerxencias, que estará na Conserxería (se esta zona non está afectada por o elemento de risco) o nas proximidades.
5. Reunirá a maior cantidade de información da emerxencia, con obxecto de tomar as decisións axeitadas.

**PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**

